

VIGO

ARQUITECTURA MODERNISTA

1900-1920



LENA S. IGLESIAS ROUCO - XAIME GARRIDO RODRIGUEZ

Dibuxos:
RAIMUNDO RUIZ e RAÚL VILA
Fotografías:
MAGAR, LLANOS, PACHECO e GARRIDO
Traducción:
XOSÉ RAMÓN FANDIÑO
Deseño gráfico:
PEDRO DE LLANO

© PUBLICACIONES DO COLEXIO OFICIAL DE
ARQUITECTOS DE GALICIA.
Montero Rios, 26-1º - SANTIAGO DE
COMPOSTELA.
Depósito Legal: VG-110-1980
I.S.B.N. 84-85665-03-1
ARTES GRAFICAS GALICIA, S.A.
Segovia, 15 - VIGO

VIGO

ARQUITECTURA MODERNISTA


1900-1920

LENA S. IGLESIAS - XAIME GARRIDO

SUMARIO

	<u>Páx.</u>
I.- Contexto Histórico	5
a) <i>Aspectos socio-económicos</i>	7
b) <i>Evolución urbana</i>	10
II.- A Arquitectura	14
a) <i>Ambiente xeral</i>	14
b) <i>Os estilos históricos</i>	17
c) <i>O modernismo</i>	21
III.- A decoración na arquitectura modernista	33
a) <i>Flora e fauna</i>	34
b) <i>O ferro forxado e o fundido</i>	36
c) <i>Azulexos e vidreiras</i>	40
IV.- Biografía e Obras	45
V.- Catálogo de obras	47
VI.- Obras fóra de catálogo	101
VII.- Fontes documentais e bibliográficas	113

I. CONTEXTO HISTORICO
II. A ARQUITECTURA



1.-Plano de Vigo (Francisco Coello. 1856).

CONTEXTO HISTORICO

ASPECTOS SOCIO-ECONOMICOS

Na segunda metade do século XVII, cando Lucas Labrada escribe a súa *Descripción económica del reino de Galicia*, incluí un breve comentario sobre Vigo á que califica de “villa con una fábrica de sombreros donde suele ocuparse a veintiséis hombres” e “puerto bastante cómodo frecuentado de embarcaciones”. É dicir, un modesto núcleo de poboación con recinto fortificado á beira do Atlántico e apenas 6.000 habitantes de escasos recursos.


Pero os profundos cambios que as cidades costeiras van experimentar, tras a instauración borbónica e a súa nova política en favor do comercio e da industria, repercutiron decisivamente sobre a vila mariñeira. En menos de medio século, baixo a activa presenza de mercaderes e industriais cataláns, Vigo convértese no centro exportador de pescado salgado máis importante da península; o seu vello e irregular trazado urbano rebasa as propias murallas e ocupa as inmediacións do mar: Berbés e Arenal, e comeza a afirmarse en torno ás novas vías de comunicación. O desenvolvemento é tal que, xa en 1810, firmárase un ambicioso plan de Nova Poboación capaz de configurar a cidade adecuada ás necesidades e prestixio do “mejor puerto de España” (Jovellanos). E aínda que tal proxecto, sometido ás múltiples oscilacións do noso século XIX, realizaráse nunha versión tardía e de escasas proporcións, a súa soa existencia e progresivas reelaboracións corroboran a imaxe dunha cidade en puxante desenvolvemento.

Nefeuto, Vigo, a partir do segundo tercio do século, vai consolidando sucesivamente as bases do seu moderno progreso. En 1834 consegue da Raíña o desexado privilexio de que o seu porto sexa admitido como depósito de froitos e xéneros primitivos. Catro anos máis tarde créase o lazareto das Illas de San Simón, convertíndoo

en obrigado paso dos grandes buques europeos. Pouco despois rómpese o seu tradicional illamento coa Meseta, mediante a nova carretera de Madrid a Vigo por Villacastín e, en 1878, o ferrocarril virá solucionar, a pesar do seu deficiente funcionamento, o problema da rapidez no transporte de mercancías. A nova Lei de Portos de 1880 declara ao de Vigo de primeira categoría e a moderna plataforma de ferro, inaugurada once anos máis tarde, resulta de todo insuficiente xa antes de rematar o século. Esíxese, daquela, a construción de novos diques na dársena do Berbés, amplas instalacións en Bouzas para a flota pesqueira e un extenso peirao no Arenal para grandes mercantes, en tanto está en trámite a declaración de porto franco e se proxecta unha moderna estación de viaxeiros.


Tan elevado tráfico de homes e mercancías, sempre en constante aumento ante a incontíbel despregadura da flota pesqueira, foi acompañado polo establecemento de modernas industrias dedicadas a conservar os alimentos extraídos do mar, construír buques e atender ás múltiples esixencias de mantimento. O seu desenvolvemento correu parello ao auxe experimentado polas operacións mercantís coa comercialización de todo tipo de produtos. Ambas actividades orixinaban unha corrente ininterrompida de riqueza e conformaron esa actitude basicamente progresista e liberal contra a que pouco puideron os torpes obstáculos de políticos oscurantistas, as rivalidades mediocres e a dura crise económica do segundo decenio do noso século.

Así, entre 1900 e 1910, Vigo dobra practicamente a súa poboación e acada os 41.213 habitantes. Trátase dun crecemento demográfico alimentado até tal punto por movementos migratorios que, nese ano, apenas un



46% dos habitantes do centro urbano naceran na cidade, un 12% eran naturais da provincia, un 20% proviñan doutras poboacións galegas e entre casteláns, andaluces, vascos, portugueses e americanos suman o 22% restante. Resultaba, pois, unha urbe cun contixente humano de variada procedencia no que domina a mocidade, máis do 34% non acadan os 16 anos, e cunha estrutura profesional que confirma a imaxe dun Vigo

moderno e laborioso; modestas tarefas artesanais, mariñeiras ou agrícolas, sólidos negocios e prósperas industrias dan colocación a unha ampla masa asalariada. Xornaleiros, empregados, peóns e obreiros rebasan amplamente a metade da poboación activa e a súa rápida concienciación como clase, a súa loita unitaria, permitiúlles defender avanzadas reivindicacións profesionais xa en datas moi adiantadas.



5.-Vista xeral de Vigo desde Teis, co Arenal en primeiro término, cara 1875. 6.-A porta do Sol na última década do XIX.



7.-Plano de Vigo. 1885. Reducido do plano de Manuel Fernández Soler. 1880.

EVOLUCIÓN URBANA

Este amplo proceso de crecemento humano e de progreso económico implicou necesariamente unha profunda transformación urbanística. Aquela pequena e irregular cidade de 1856, que o plano de Coello nos presentaba pechada polo cinturón das súas murallas e con catro pequenos arrabaldos, resultaba de todo insuficiente para acoller ás numerosas familias que, día a día, convértena na súa nova residencia.

Esta situación, contemplada desde comezos de século, pretendiera solucionarse cunha Nova Poboación que, ganándolle terreo ao mar, ocuparía unhas 24 has. do Arenal. Pero tal plan, aínda que magnificamente calculado como peza ben definida e xustaposta ao casco antigo, adoleceu dunha visión integral de toda a cidade.

Os seus principios unitarios e uniformes pretendían dirixir nun único sentido o crecemento cidadán e aínda que éste foi o proxecto aceptado en 1857, ao colocarse a primeira pedra do novo dique, evidenciaba unha total incompreensión do feito urbano como fenómeno totalizador, ignoraba os intereses das novas forzas sociais e non prevía o enorme dinamismo dunha urbe en vertixinosa expansión.

Así, o primeiro arrabaldo desta Nova Poboación, ocupando terreos inmediatos á alameda, non foi proxectado por D. Emilio García Olloqui até 1871. Pero, daquela, a vontade Municipal cambiara e alenta a construción dos principais edificios dentro do vello casco mellorando constantemente os seus servicios, en tanto que, polo contrario, ofrece todo tipo de dificultades ás novas obras; de aí que a realización do conxunto urbano máis




8.-O barrio do Placer Alto co Castelo do Castro ao fondo (primeira década do século actual). 9.-A Alameda e os recheos do malecón destinados á "Nueva Población".

moderno de Vigo prolóngase até ben entrado o noso século. Ademais, a súa tenaz oposición a novas concesións convertíu estes blocos entre a rúa Carral e Concepción Arenal nun único expoente daquel orixinal proxecto.

Este desinterés foi debido fundamentalmente á abundancia de terreos que, unha vez derruidas as murallas en 1868, ofrecíanse á especulación privada con un alto índice de revalorización pola súa proximidade ás grandes arterias abertas cara aos distintos puntos do país. Así, cuestionando a validez dunha fórmula única e conxunta, o Concello empeza a autorizar novos plans que, dun xeito máis ou menos aberto e pluriformal, respondían a necesidades concretas e inmediatas. Con relativa rapidez, e gozando dos modernos avances da luz eléctrica (1896) e da auga corrente (1903), vemos perfilarse as actuais rúas do Xeneral Aranda (Pi y Margall), Alfonso XII, Policarpo Sanz, Colón (Ramal), García Barbón (Duque de la Victoria), Príncipe, Progreso, Eduardo Iglesias (Circo), Velázquez Moreno, José Antonio (Urzaiz), etc., centros comerciais por excelencia, cuns mares que a burguesía aproveita para levantar os seus magníficos edificios.

Ao mesmo tempo, as familias inmigrantes máis humildes van engrosar as zonas periféricas: Salesianos, Couto, Casablanca, Pino, San Lorenzo, Barxa, Travesas, Coia, e aínda os arrabaldos de Bouzas, Cabral, Lavadores e Teis que, unha vez inaugurado o tranvía (1914), quedan perfectamente comunicados co centro. Non obstante, o seu rápido crecemento humano, a instalación de numerosas industrias, a ausencia dunha infraestrutura adecuada e o retraso da adopción de novas melloras e servicios urbanos imprimiron un certo carácter suburbial a este amplo cinturón que co tempo estaría chamado a ser absorbido polo Grande Vigo.

Tal situación basábase na ausencia dun Plan Xeral de Ordenamento Urbano e a súa perigosa espontaneidade facía tremer aos próceres municipais: López de Neira, Nandín Vicente, Fernández Lema, Lago Álvarez e aos activos Concellais, que, obrigados a dar resposta inmediata a urxentes demandas redactaran con escrupuloso coidado as Novas Ordenanzas Municipais (1897), temían hipotecar o futuro ao diversificar as solucións sen contar cunha visión total e cun serio plantexamento de novas alternativas. En 1900, con desvelos e mocións, consiguíuse a autorización para levantar un Plano Xeral que, baixo a dirección de D. Ramiro Pascual, debía




10.-Anteproxecto de mellora do Porto de Vigo de Eduardo Cabello.

conformarse como un “Proxecto de reforma e ensanche” semellante ao que, por estas mesmas datas, se estaba realizando noutras poboacións españolas.

Dez anos máis tarde, cando a iniciativa privada, baixo o pulo dunha ampla despregadura económica, construíra nun decenio máis do 30% dos inmóbeis e xa ocupaba a zona inmediata ao mar, Marqués de Valladares, Luis Taboada (Arenal) e transversais, procedeuse a aprobar o tan desexado proxecto, vixente en liñas

xerais até o novo Plan de Aliñamentos de 1943.

Os seus dous aspectos, ensanche e reforma, están tratados con admirábel prolixidade e precisión, aínda que participan de falsos plantexamentos propios daquel momento. Así, a proposta de “reforma interior” para o vello casco destruíu, en aras do progreso e da hixiene, o seu histórico e irregular trazado, someténdoo a un proceso de remodelación que, afortunadamente, non logrou ser levado adiante. En cambio, o proxecto de “ensan-



che”, ocupando toda a beiramar, desde Peniche a Teis e incluíndo por primeira vez os litixiados terreos en torno ao Castro, ía máis alá dunha expansión ordenada ao coidar de forma moi especial as comunicacións porto-zona centro-áreas perimetrais. E, aínda que algunhas destas importantes vías —ameaza de poderosos intereses privados— non se chegaron a realizar, a nosa Grande Vía aínda hoxe testemuña a grande visión de futuro que animou ao Vigo do primeiro decenio do século.

Polas mesmas datas, diante do constante crecemento do tráfico portuario, o enxeñeiro de Camiños D. Eduardo Cabello, redacta o Plan Xeral de Ordenamento da zona marítima. As súas directrices principais, ampliación da bacía do Berbés e recheo da Ribeira, peirao de trasatlánticos e peirao comercial no Arenal, rexeitaban definitivamente o plan de Nova Poboación e prevían as necesidades e usos actuais.

A ARQUITECTURA: 1900-1920

AMBIENTE XERAL

Esta cidade en trepidante cambio, fachendosa das súas enormes posibilidades e cunha clara visión de futuro, asumiu de forma decidida o seu propio protagonismo histórico.

Sabía, e así se manifesta naquelas cada vez máis longas sesións municipais, que surxe dun pasado moi modesto ao que debía un obrigado respecto (que sorpresa para nós, espectadores insensíbeis ante continuos derribamentos!). De aí que, aínda durante o século XIX, vira con evidente disgusto “la sistemática destrucción de tantos edificios que en esta época se han derribado sin consideración alguna... por el solo interés de facilitar solares para construcciones comunes” (*La Concordia*, 30-XII-1873). E aínda que, por influencia da óptica barroca e dos seus grandes espacios unifocais, autoriza a desaparición dalgúns inmóbeis do casco antigo —ca-

sas inmediatas á Catedral, Praza da Constitución, Princesa, etc.—, é notorio o desexo de manter a tradicional fisonomía das súas zonas históricas. Así, a principios deste século tómanse algúns acordos, por desgracia non moi ben respetados, sobre a conservación do frente arquitectónico que asoma sobre a Ribeira do Berbés.

Pero, evidentemente, a atención do Municipio, con clara conciencia de estar poñendo os cimentos dunha grande cidade moderna, diríxese cara ao novo centro urbano. E se importante resultaba o seu trazado, non era menos a calidade dos seus edificios, as comodidades que ofrecían aos seus moradores e o rostro que, asomado cara ao exterior, testemuñaba o seu bon gosto e riqueza. Como diría en 1904 o propio Manuel Felipe Quintana: “Uno de los caracteres peculiares de la arquitectura de todas las épocas, ha sido la de constituir por medio de sus producciones un auxiliar precioso para

11.-Vista de Vigo desde o mar, cara 1900.





12.-Vista da Ribeira do Berbés nos comezos do recheo cara 1910.

juzgar acerca de las costumbres, ilustración y cultura de los pueblos, siendo además, elemento importantísimo de su evolución progresiva”.

Neste sentido, as Ordenanzas Municipais aprobadas en 1897, e reformadas progresivamente a medida que as circunstancias o foron esixindo, resultaban un instrumento de grande utilidade para transformar a pobre imaxe de Taboada Leal (1840) sobre os fogares vigueses —“interiores harto reducidos, mal dispuestos y de poca

comodidad”— e evitar a desaprensiva actuación de ambiciosos propietarios. No seu amplo Capítulo V, defínese o que se pode considerar como “solar edificábel”, as condicións que rixen a súa ocupación, as obrigacións contraídas coa mesma e aqueles requisitos de espacio e hixiene que deben cumprir os ambientes interiores. Ademais, as autoridades municipais, coñecedoras do habitual esquencimento en que adoitan caír tales preceptos, insisten na obrigatoriedade de presentar para a súa

aprobación o oportuno proxecto e éste, unha vez autorizado, debería ser cumprido en todas e cada unha das súas partes.

Para o seu correspondente estudo e inspección cóntase, desde fins de século, co servizo permanente dun Arquitecto Municipal e dun Director de Laboratorio Municipal de Hixiene que, en non poucas ocasións, tivo que denunciar a audaces promotores de obras non autorizadas ou alteradas sustancialmente no curso da súa execución. Pero o empeño posto en conseguir que as novas vivendas respetasen os aliñamentos acordados e reunisen as condicións de hixiene precisas, foi calando no ánimo xeral e rematou dando os seus froitos. A partir de 1916, os informes favorábeis e aínda eloxiosos, ao celo dalgúns veciños, que, coa secreta intención de revalorizar as súas propiedades e obter rendas máis sustanciosas, estaban dispostos a ceder terreo para novos tra-

zados, contar con espaciosos patios interiores ou adoptar magníficos servizos de saneamento, fanse cada vez máis frecuentes.

Non obstante, a preocupación cidadana diríxese con carácter preferente ao bon aspecto exterior da vivenda. Aquelas modestas casas de branco rostro encalado, que definiran a vila mariñeira, foron obrigadas a conservar os seus immaculados revocos ou a remozar, tras a oportuna obra, a súa degradada antiguidade. Neste sentido, as intervencións municipais resultaron escasas, pois a prosperidade do vecindario actuaba como aliciente tan eficaz que, no primeiro cuarto do século, edifícanse ou reconstrúense totalmente bastante máis dun millar de inmóbeis. Pero é este mesmo fenómeno, a total configuración dunha fisonomía moderna, a que otorga inusitado protagonismo aos profesionais da construción e termina orixinando enconadas discusións.



13.-Rúa da circunvalación (hoxe Polcarpo Sanz) a principios de século.



14.-Hotel Moderno (1906). Obra ecléctica de influencia francesa. Atribuída a Pavezich.

OS ESTILOS HISTÓRICOS

As Ordenanzas de 1897, como toda lexislación emanada dunha orde burguesa, recoñecía a liberdade de optar entre os distintos estilos arquitectónicos, pero respetando sempre “el principio de euritmia o simetría en relación a UNO o varios ejes”. É dicir, a liberdade sí, pero dentro duns límites, os consagrados estilos clásicos, medievais, renacemento ou barroco, a súa distinta elección, e inclusive combinación, ofrecía un amplo e convencional repertorio capaz de satisfacer ambiciosas ansias de emular pasadas grandezas. Así o testemuña, aínda hoxe, a traza goticista de templos, edificios públicos e casas particulares: Igrexa-Colexio das “Hermandades” dos pobres Desamparados (1892), templo de Santiago de Vigo (1895-1907), Escola de Artes e Oficios (1897), casa para vivendas de Paulino Yáñez (1900) na Praza de Compostela esquina a Velázquez Moreno, casa de Leopoldo Gómez Moure (Círculo Obreiro Católico) (1904); as ampulosas fachadas eclécticas da casa de Manuel Bárcena Franco (Conde de Torrecedeira) (1879) en Policarpo Sanz esquina a Velázquez Moreno, casa de Bernardo Rodríguez López (1883 e 1886) en Príncipe esquina á prazoliña de Colón, casa de Xoaquín Acuña (1897) en Policarpo Sanz esquina a Velázquez Moreno, casa de Prudencio Nandín (1900) na Praza de Compostela, o Hotel Moderno (1906), casa de Rosendo Silva (1907) na Praza de Compostela esquina a Concepción Arenal, casa de González y Salgado (A Sociedade Comercial) (1908) na Avda. de Montero Ríos; o solene Academicismo do Teatro García Barbón (1911) ou do actual Banco Pastor (1921), e tantos outros edificios que hoxe configuran o centro comercial. Néstes quedaba consagrado un trémulo respecto polos grandes da Historia, aos que se reencarna, e triunfa unha orde, a nova orde da sociedade de clases que, substituíndo á estamental, acobilla perigosas nostalgias.

En Vigo traballan durante estes anos os antigos discípulos da Real Academia de San Fernando: Juan Ancell, Justino Flórez Llamas, Domingo Rodríguez Sesmero, Manuel de Uceda, Felipe Quintana, coa titulación de arquitectos; e os chamados mestres de obras: Siro Borrado, Dimas Vallcorba, Jenaro de la Fuente, Pavezich, todos eles dotados dunha sólida formación historicista.

Entre eles, monopolizando practicamente a actividade arquitectónica de fins do século XIX e comezos do XX, destaca a personalidade de Jenaro de la Fuente y Domínguez, o home que, aínda sen o título de Arquitecto,

autoriza desde o seu posto de Director-Facultativo das Obras Municipais (1889-1922) os principais proxectos de reforma urbana —aliñamento do Arenal, Marqués de Valladares, de Teófilo Llorente, da Ballesta, da rúa de San Francisco, etc.—, propón importantes modificacións nos novos edificios públicos —Casa Consistorial,

novo Mercado do Progreso—, e realiza a grande maioría das construcións particulares: vivendas de Manuel Bárcena Franco (1879), vivendas de Josefa Cividanes (1880) en rúa Colón esquinas a Uruguay e Isabel II, vivendas de Bernardo Rodríguez López (1883 e 1886) casa de Ramón Arbones Carballido (1892) (Sociedad La Oliva)



15.-Casas de Bonín (1909). Obra representativa do eclecticismo vigués, de recargada e ampulosa decoración en granito labrado, na que non faltan algúns motivos modernistas. Obra de Jenaro de la Fuente y Domínguez.



16.- Cruce das rúas Policarpo Sanz-Colón, con edificacións eclécticas e académicas.

na rúa Calvo Sotelo, vivendas de Lucas de la Riva (1904) que estaban ubicadas na rua de García Barbón con esquinas a Colón e Isabel II, vivendas de Rosendo Silva (1907), vivendas de Manuel Rodríguez (Casas “Bonín”) (1909) na rúa Felipe Sánchez, vivenda de González y Salgado (1908) e outros moitos inmóbeis definidos polo seu monumentalismo, sabia distribución de masas, coitado tratamento da pedra e eclécticos exteriores de pomposos ornamentos.

A súa total compenetración cos ideais dunha clientela rica e emprendedora, desexosa de manifestar o seu poder en suntuosos edificios, proporcionoulle un sólido prestixio que se seguirá afirmando durante os dous primeiros decenios do século. E aínda que tan absorbente

actividade despertou múltiples suspicacias —foi denunciado pola Asociación de Arquitectos de Galicia pola falta da debida titulación—, conseguiu imporse a todos co testemuño dunha longa profesionalidade exercida con plena dedicación e utilizando un repertorio de formas sucesivamente adecuadas ás distintas correntes estilísticas.

Precisamente, esa singular capacidade de saber captar e adaptarse ás esixencias dunha sociedade en rápida transformación, permítelle a este adusto enxeñeiro militar, dúas veces condecorado, representante dun mundo de prestixios consagrados, aceptar con aparente entusiasmo unha alternativa que se presenta baixo a aureola de perigoso e innovador ensaio: o Modernismo.



17.-Proxecto de Reforma e Ensanche de Vigo encargado polo Concello ao enxeñeiro Ramiro Pascual en 1900, e presentado ao mesmo dez anos mais tarde.

O MODERNISMO

Nefeuto, a revolución industrial transformara o universo humano. Novos materiais, novas técnicas, novas formas de produción, grandes aglomeracións e o progreso, o cambio constante a velocidades nunca soñadas até ese momento. O home deixaba de ser a medida de todas as cousas e, substituído pola máquina, protagonizaba con optimismo o fin dunha longa etapa histórica. Os arquitectos e a arquitectura en si mesma vense arrastrados por esta voráxine; día a día, dissociándose cada vez máis a beleza e a vida cotidiana, fan a súa aparición novos usos e funcións, medra a demanda de grandes inmóbeis con usos específicos, multiplícanse os problemas construtivos e éntrase en colisión con vellos planteamentos urbanísticos. Urxía, pois, encontrar novas fórmulas que, afastadas dos estilos historicistas e das súas inevitábeis connotacións de tipo autoritario, conseguiron unha nova fusión entre a vida e a arte, entre a produción masificada e o goce individual de vivir.

Neste clima, tránsito entre dous séculos e dúas concepcións da vida, surxiu o Modernismo como un estilo heteréxoneo, que procurando unha adaptación á función e utilizando os novos materiais, ensaia en plena liberdade orixinais orquestacións de masas, espazos e vibrantes superficies. O seu desexo de total integración entre función, estrutura e modelado plástico, convirte a cada edificio en expresión singular da propia sensibilidade creadora e as súas suxestivas referencias á beleza da natureza, (*Art Nouveau*), ou as súas perpendiculares composicións xeométricas (*Sezession*) otórganlle a categoría de elemento dominante dentro da paisaxe urbana.

O éxito e as críticas con que os distintos países industrializados acolleron este movemento, afirmación última da libre fantasía creadora, tamén acadou á Península. E aínda que Cataluña, pola súa industrialización máis avanzada e polas súas ansiosas confrontacións en procura dunha cultura autóctona, posuía un ambiente máis propicio para o seu desenvolvemento —de feito convírtese no principal foco artístico—, a necesidade xeral de total rexeneración artística facilitou unha inmediata propagación do novo estilo pola nosa variada xeografía.

Galicia, a pesar do seu inveterado illamento e escaso desenrolo, ofrecía tamén nas súas principais cidades costeiras condicións favorábeis para esta renovación da linguaxe artística. Ferrol, Coruña, Vilagarcía e Vigo, segundo fica exposto, estaban en pleno proceso de industrialización, e cada quen con distinta intensidade, vía medrar constantemente as fortunas e multiplicarse os negocios dunha próspera burguesía. Pero ésta, da que moitos membros proceden de Cataluña e do País Vasco —un 20% dos veciños non galegos pertencían a estas zonas—, achábase vinculada a intereses alleos á súa problemática máis inmediata ou carecía do poder político necesario para influir sobre ela de forma decisiva. De aí que a súa actuación, permanecendo ao marxe de calquera plantexamento autóctono, anima, non obstante, o desenrolo xeral da cultura —funda escolas e bibliotecas, subvenciona os estudos de novos artistas—, e apoia a consolidación dun estilo propio co que expresar o seu poder de clase dominante.

En circunstancias tales, o modernismo vigués aparecerá cun certo retraso cronolóxico, en armoniosa convivencia con estilos historicistas e sen pretensións de encarnar nengún interés rexionalista. Pero a súa necesaria adaptación ás distintas demandas específicas, tipoloxías, ao entorno xeográfico, material, e á propia tradición, pétreas superficies de inmóveis rostros, terminaron imponéndolle certos rasgos propios que lle otorgan unha indiscutíbel orixinalidade.

Nefeuto; aínda hoxe un detido paseo polo actual centro comercial e marítimo permítenos descubrir, a primeira vista, máis dunha vintena de magníficos inmóbeis con singulares características. Os seus antigos propietarios —Conde de Torrecedeira, D. Enrique Mülder, D. Alvaro López Mora, D. Marcelino Barreras, D. Antonio Alonso Santodomingo, etc.— foron aqueles emprendedores vigueses que, como activos empresarios e comerciantes, loitaron enconadamente por acadar as máis altas cotas de prosperidade. A súa actitude, aberta a todos os novos instrumentos que o progreso podía proporcionar, animounos a levantar os seus novos domici-

lios así como grandes construcións industriais, seguindo planos que respondían á grande novidade do momento: o Modernismo.

Non obstante, a intención de abrir novos cauces e articular unha linguaxe de valor semántico propio, presentábase de forma moderada, sen rupturas violentas, co íntimo propósito de non destruír totalmente a respectabilidade histórica e revestila, ao mesmo tempo, co deslumbrante prestixio dun aparente progreso. Vai ser utilizado, pois, o procedemento de recoller elementos estilísticos recén formulados e adaptalos evitando estridencias, cunha amaneirada contención de clara orixe medio-burguesa.

De aí que o novo movemento non faga máis que perfeccionar modelos de tipoloxías xa consagradas no s. XIX. Os edificios de vivendas particulares, lonxe de toda concepción orgánica dos espazos, adáptanse con toda regularidade a paralelogramos entre paredes medianeiras. Só en casos excepcionais, casa nº 9 da rúa da Ballesta, conforman plantas dunha certa orixinalidade que se inspiran, sen dúbida, no hábil aproveitamento do solar e na busca de maior comodidade doméstica. Os novos fogares burgueses acadan, así, o máximo confort e colaboran a fixar un tipo —sala, comedor (sala-comedor), e dormitorios principais cara ao fronte, cociña, servizo, dormitorio de criados e armario fixado cara ao patio de luces—, que permaneceu practicamente inalterado até os nosos días, neste tipo de construcións entre medianeiras. En canto aos pabellóns industriais e locais expresamente mercantís, os primeiros que cronoloxicamente e con todo entusiasmo se adiren ao novo estilo, perfilan a súa única ou, en ocasións, dobre planta, segundo criterios dunha preferente funcionalidade, é dicir, como edificios regulares de proporcións alongadas e grandes espazos interiores.

A mesma vontade de continuidade obsérvase no emprego dos materiais aínda que, neste caso, o uso preferente do abundante grao galego —Canteiras de Ulló (Arcade) con transporte marítimo e do Monte da Mina de Castrelos con transporte de carros do país— entroncando coa propia tradición local, tamén estaba nos presupostos modernistas sobre a revitalización das técnicas artesanais. Eses magníficos canteiros que labraban pacientemente suxestivos e complexos programas sobre as pétreas superficies do sillar eran —se non se toman agora as medidas precisas para evitalo—, un dos últi-




18.-Detalle de portalón. Porta do Sol, nº 11. 19.-Detalle de balcón en granito. Casa nº 24 da Praza de Compostela.



mos grupos de galegos entregados ao nobre traballo aprendido dos seus devanceiros.

Con tenaz dedicación e increíbel destreza lograron unha perfecta adecuación ao novo repertorio formal, e o formigón, a pesar das súas cualidades plásticas, permaneceu alleo ás novas construcións. Só naqueles de segunda categoría, pabellóns industriais polo xeral, recúrese ao seu emprego, debido a razóns puramente económicas que, ao longo, repercutiron negativamente, contribuíndo á ruína e desaparición de moitos de tales inmóbeis.

As consecuencias estéticas desta inclinación preferencial polo sillar, con exclusión de novedosas orquestracións cromáticas, foron decisivas. Todas as obras, inclusive aquelas de aspecto máis modesto, producen unha inevitábel sensación de solenidade e fría solidez arquitectónica que as alonxa daquel sentido orgánico, profundamente vitalista, do *Art Nouveau*. Só en contados edificios, e por influencias extrañas —casa nº 31-33 da Praza de Compostela e Casa Mülder na Avda. Montero Ríos nº 22, por exemplo—, inclúense grandes panos de azulexería cunhas vivas cores que constitúen unha nota



20.-Detalle de balcón dos Almacéns Simeón (1906).

exótica de sorprendente beleza dentro do conxunto urbano.

Pero, precisamente, esta total entrega ao material que, ao longo dos séculos, foi extraído das nosas canteiras, e o profundo coñecimento adquirido sobre as súas cualidades, constitui sen dúbida o feito que confire ao Modernismo galego, en xeral, e ao vigués, en particular, un intrínseco e irrefutábel valor. Estas magníficas fachadas, emblemática expresión do benestar dos seus moradores, están pensadas tendo en conta os condicionamentos impostos polo material. Así, ao ter que pres-

cindir do elevamento mural, dos mil xogos de suxestivas superficies maleábeis, utilízanse hábilmente os ocos —múltiplas variedades de portas, xanelas, balcóns, galerías, etc.—, en contraponto co inmovilismo de compactos paramentos. E aínda no decorativo, a pesar da resistencia do grao, conséguense finos labores naturalistas, se ben resulta evidente que é nos programas sezesionistas de caracteres xeométricos nos que se acada unha máis plena identificación entre material e forma.

É este aspecto, o puramente ornamental, o que, ante a permanencia de tipoloxías convencionais en ambicio-

21.-Casa de viviendas na Praza de Compostela, esquina a García Olloqui (1912).



sas construcións de pedra, reviste unha orixinalidade máis acusada. O seu carácter meramente epidérmico, aínda que conservando a forma semántica orixinaria, preséntase de forma controlada co típico “bon tono” que pretende enmascarar a ausencia dun verdadeiro rigor espiritual.

As fachadas responden, así, a esquemas planimétricos que, coa única variación de fermosas esquinas en chanfro —Montero Ríos-Pablo Morillo, Montero Ríos-García Olloqui, García Olloqui-Praza de Compostela—, someten as súas composicións simétricas a unha focalidade centralizada mediante a que se expresa, con demasiada evidencia, o persistente peso da tradición. De aí ese linealismo anímico como tono xeral que, afastado do vibrante expresionismo gaudiano, dispónse con amplas cuadrículas en torno á ordenada disposición dos distintos vans. Pero son éstos, a súa complexa morfoloxía, os seus ricos encuadres de transformada flora clásica, os seus magníficos peitorís de ferro e esas pseudo-galerías abertas —flagrante contradición da súa propia fun-


ción—, os que nos sorprenden a través dunha imaxinativa variedade. A súa concepción unitaria con finos labores de talla e forxa, a delicada destreza posta na súa execución e ese evidente acerto de subliñar o verticalismo das distintas liñas de forza para poñelas en relación cos airosos remates do edificio, proporcionan un espectáculo plástico de insuperábel beleza.

Non obstante estas características xerais, a adopción do novo estilo ao longo dos vinte primeiros anos do século foi revestíndose dunha progresiva evolución artística. O seu desenrolo estivo marcado pola acusada personalidade de destros arquitectos, homes nados no noso cálido solar vigués e profundamente preocupados pola profesión, segundo o constatan as Actas dos distintos Congresos de Arquitectos de Galicia.

Entre eles, cun certo carácter de pioneiro, destaca o mozo Benito Gómez Román. Durante a súa corta e fecunda vida profesional, apenas dez anos lamentablemente, soubo ganarse o aprecio dos seus alumnos da

22.-Talleres para Juan Baliño na Avda. García Barbón, esquina C/Oporto (1901). 23.-Almacéns Simeón (1906).






Escola de Artes e Oficios e o respecto do Concello, quen o mantivo como Arquitecto Municipal astra a súa honrada renuncia en 1905, cando a enfermidade xa non lle permitía exercer coa dedicación que el xuzgaba necesaria. Aínda que educado nas correntes historicistas, obtivera o título cando se estaban construindo en Madrid importantes obras, baixo a influencia do *Art Nouveau*. De aí que, a pesar de mostrarse respetuoso coa tradición e realizar importantes proxectos baixo a súa influencia —reforma do Teatro Rosalía de Castro, mercado de A Laxe, nova Bolsa del Pescado, monumento a Concepción Arenal—, non puido resistirse a traer o testimonio das novas correntes deica a súa cidade natal.

Xa en 1901, sen dúbida en íntima colaboración co seu propietario Juan Baliño, proxecta o pabellón para exposición das obras dese escultor. Os plans revelan ao profesional claramente influenciado polas correntes medievalistas que aparecen integradas, non obstante, nunha obra cuia orixinalidade se irá acentuando ao longo da súa construción. E a pesar de que durante a mesma desaparecerán as magníficas reixas proxectadas, o conxunto gana en novidade e calidade plástica ao subliñar, con certo espírito xeometrizable, o ordenamento perpendicular dos panos e animar a súa rixidez con delicados relevos que, como o novo remate, evidencian un suxestivo influxo de París.

A integración destas tres correntes vólvese repetir en obras posteriores. Primeiro, na casa nº 9 da rúa Balles- ta prevalece o medievalismo ao servizo de planos esquemas verticalistas. Máis tarde, o triunfo pleno desta arquitectura lineal nas casas nº 24 da rúa Ronda e na nº 3 da rúa da Pescadería cun pano lateral que, a pesar das súas modestas proporcións, se presenta cunha composición bastante orixinal, desvirtuada hoxe polas extrañas referencias clásicas que substituíron aos motivos xeométricos, e o escaso tratamento dos ferros (a isto hai que engadirlle unha desgraciada ampliación posterior). Finalmente, como creación máxima, pero de paternidade atribuída por testimonios posteriores, está ese magnífico edificio de “Almacenes Simeón”.

Tan ambiciosa obra representa en Vigo o triunfo do máis refinado *Art Nouveau* e o seu monumentalismo, a súa acentuada proxección rompe coa contención doméstica habitual. Grandes proporcións, solene porte, vans en posicións simétricas e xerarquizadas, fermosas “mansardas”, grande lucernario e a referencia lonxana a



24.-Detalle de balcón labrado en pedra arenisca de Novelda. Almacéns Simeón (1906).

25.-Casa de vivendas na r/José Antonio nº 28 (1913). Moi mutilada por adicións e apeos.

distintos elementos clásicos conforman un suxestivo organismo cuns membros nos que a imaxinación do artista se expraia longamente. Aí están nunha imperiosa chamada á nosa fantasía eses balcóns de panzudas forxas ou espesos xardíns labrados en pedra arenosa, onde asoman monstros alados e serpes sinuosas, esas columnas de reiteradas franxas vexetais, esas pilastras que, subversivamente, convirten os seus capiteis en discos florais ou estremécense baixo o rápido voo das pombas. ¿E qué decir do grande óculo co seu emblemático galo ou desa clave co seu impresionante rostro de paisana dolorida?. En conxunto, pois, todo un complexo frente arquitectónico concebido, como diría G.C. Argan, segundo dous rexistros de valores: unha escala monumental, que convirte a este edificio en elemento dominante na Porta do Sol, ocupando a antiga praciña do Mercado, e unha suxestiva ornamentación que ofrece ao transeúnte a incomparábel sorpresa de encontrarse diante dunha exuberante paisaxe natural.

Estes aires de renovación non podían pasar desaperci-

bidos a aquel consciente e minucioso profesional que era daquela Jenaro de la Fuente. Desde o seu estudo, enfrascado na análise minuciosa dos mil motivos con que decoraba os seus historicistas proxectos, asistiu ao nacemento dun novo século e decidiu asumir unha actitude reconciliatoria entre os novos e os vellos estilos. O seu carácter de aberta incompatibilidade, de pretendida fisura histórica, non foi aceptada por este vello mestre que, de forma progresiva, intentou integralas nalgunha das súas obras máis importantes con curiosas e personálísimas versión "simbióticas".

O primeiro ensaio neste sentido realizao, xa durante 1902-3, cun edificio relativamente modesto, asomado cara ao Berbés. Tratábase dunha obra que, orixinariamente, respondía a plantexamentos eclécticos, pero ao longo da súa execución foise transformando coa extraña adecuación epidérmica de curiosos motivos ornamentais. Esa única grande arcada do soportal concebida en tres rítmicos tramos decorativos, eses sinuosos arcos rebaixados sobre os dinteis de cada van e, especialmente, a





nova concepción naturalista dos capiteis acusan coas súas movidas liñas unha intención profundamente innovadora, a mesma que, anos máis tarde, volverá a reaparecer noutros edificios plurifamiliares de importancia capital para a fisonomía do novo centro urbano.

Nefeuto: entre 1908 e 1913 proxecta as novas e ambiciosas casas nº 29 e 31 de Colón, a nº 11 da Praza Capitán Carreró (Porta do Sol) e a nº 28 de Urzáiz (José Antonio). As súas fachadas, aínda que cunha teimosa reincidencia en esquemas tradicionais —tres corpos levemente destacados sobre a liña xeral—, incorporan plenamente os polémicos fonemas estilísticos de recente formulación. Múltiples e movidas embocaduras de vans con clave resaltada e magníficos peitorís forxados, orixinais transposicións de elementos clásicos —pilastras e columnas adaptadas a un novo espírito naturalista—, arqueados hastiais en posición escalonada e unha sabia alternancia de elementos opacos e transparentes dan a estes inmóbeis, a pesar da súa evidente reigaña historicista, o suxestivo aspecto dunha intensa e contida vitalidade.

Pero son os seus proxectos de pabellóns industriais ou edificios mercantís os que denuncian dunha maneira máis expresa esta postura de evolutivo progreso. A nova fábrica de conservas na rúa de Serafín Avendaño, o fermoso frente acristalado para Artes Gráficas P.P.K.O. na Porta do Sol (recentemente destruído), os kioscos de Calvo Sotelo, o actual comercio do Jo.Pe. Ri., o Bar Bandeira na Alameda coas súas personalísimas estruturas de madeira e ladrillo revestido de cemento, responden semanticamente á nova dos distintos usos. Os seus exteriores aparecen como dinámicos conxuntos de amplo desenrolo horizontal cuxos distintos membros, en ocasións baixo pintorescos telladiños, ábrense cara ao exterior cunha rica variedade de vans nos que as máis caprichosas formas, ultrasemicirculares, elípticas ou ovais, son ensaiadas baixo a expresa vontade de pregoar a través do seu orixinal trazado a propia modernidade do establecemento.

Jenaro de la Fuente demostraba así enorme capacidade de adaptación estilística. No seu voluntarioso esforzo, expresado inclusive no trazado do seu panteón, foi apropiándose dun amplo léxico que partía das animadas formas do *Art Nouveau* e acadou nas súas últimas obras —casa nº 18 de José Antonio, por ex.— certa rixidez próxima ao espírito vienés. Non obstante, intimamente vinculado co pasado e ansioso por atopar





26.-Proxecto de ampliación de fachada para Pepe Cao (P.P.K.O.) na Porta do Sol. (1903). 27.-Casa de vivendas na Praza de Compostela, esquina a García Olloqui (1912).

unha aceptación inmediata, pode chegar a sorprendernos un momento, pero non acaba a suxerir esa sensación de fresca e áxil modernidade que, en cambio, caracteriza a única creación modernista firmada por Manuel Felipe Quintana: o edificio nº 22 de Montero Ríos.

Resulta un tanto difícil admitir que este vello arquitecto, comprometido ao longo da súa vida cunha fecunda produción académica, puidese proxectar, precisamente un ano antes do seu pasamento, unha obra como ésta, clara tradución en grao da nova arquitectura europea. O absoluto dominio da pedra coa que consegue superficies de extraordinaria calidade, o modo de dividir a parede e tratar os distintos ocos cunha perfecta armonización da madeira, o ferro e os azulexos ou a forma sutil como resolve cada articulación e cada detalle, entróncanse directamente con correntes belgas e vienas e testemuñan unha coerencia e seguridade estilística moi singulares.

Estas cualidades, aínda que en grado máis atemperado e cunha plástica algo heterodoxa, volven a presentarse no inmóbel nº 31-33 da Praza de Compostela. Trátase dun proxecto firmado en 1912 por Luis Vidal y Tuasón, novo arquitecto cunha carreira profesional que transcurría lonxe do escenario vigués. As súas dúas fachadas xiran en torno ao chanfro de esquina que, como nos planos de Quintana, centra a atención do edificio nun movemento claramente ascendente. A viva policromía das amplas franxas de azulexos con evocativas composicións mariñeiras e os magníficos balcóns de movidos e suxestivos trazos salientan este carácter lineal e colorista de atraínte novidade.

Tal esforzo por superar as relacións estáticas tradicionais vai atopar na impetuosa figura do xoven José Franco Montes a un ilusionado e orixinal intérprete. Desde a súa chegada a Vigo, en 1903, e durante un amplo período duns quince anos, a súa actitude política, a súa actuación no seno do Municipio ou ao fronte da Asociación de Arquitectos de Galicia, pero, sobre todo, a súa actividade profesional vai responder a esta postura de subversión fronte ás formas tradicionais cunha clara aproximación ás novas correntes europeas.

Nefeuto. Xa as súas primeiras obras, unha modesta casa en García Barbón, o pabellón para ferrocarrís en Policarpo Sanz e a ampliación da fábrica de conservas de D. Antonio Alonso Santodomingo, parten de premi-

sas renovadoras similares ás que moveran aos grandes mestres cataláns, é decir, liberdade interpretativa das correntes medievais e suxestivas formas ornamentais inspiradas nos programas europeos máis progresistas. Estas características, con resaibos eclecticistas, subxacen no seu proxecto para almacéns en García Barbón nº 1, dominan nos seus ambiciosos planos para o novo Mata-deiro —longos pabellóns con frentes rasgados pola triple grande xanela escalonada—, e impóñense, xa plenamente integradas, sobre a superficie exterior do edificio nº 31 do Paseo de Alfonso XII, hoxe barbaramente mutilado. Nesa fachada, de acentuado verticalismo, as súas orixinais galerías aparecen concebidas como inquietantes organismos de cemento cun ciclo vital fixo nos pétreos remates que, como curiosa transposición estilística do espírito vienés, elévanse rixidamente cara ao ceo.

Tal orixinal sincretismo estilístico tamén aparece en múltiples bocetos desta época xuvenil que, aínda sen chegar a realizarse, se cadra xustamente pola súa propia novidade, evidencian as inquietudes do novo arquitecto, quen, obrigado por esixencias da clientela, traduceas en obras —tal sucede co chalet “El Pilar” de inspirados volumes baixo empinados tellados—, de claro compromiso entre a tradición e as novas correntes ou logra expresalas en toda a súa plenitude, como é o caso das dúas ambiciosas construcións proxectadas en 1910: a desaparecida e magnífica casa do Conde de Torrecedeira, en Marqués de Valladares, e a nº 24 da Praza de Compostela. As súas fachadas responden a proxectos concebidos, aínda que despois fosen transformados durante a execución, segundo un trazado rectilíneo e bastante plano, onde as onduladas curvas do *Art Nouveau* preséntanse transformadas por un espírito xeométrico capaz de impor a cada elemento —moitos sacados do

vocabulario belga e vienés e primorosamente executados— unha ordenada e sobria disciplina que, ao conxugar co carácter intrínseco das canteiras galegas, crean unha expresión plástica propia, onde materia, forma e función son unha soa e espléndida realidade.

Franco protagoniza así, na súa época de mocidade, un esforzo de análise e inspirada concreción fronte a todo o bagaxe cultural da época. Preocupado durante estes anos polos problemas sociais —en máis dunha ocasión suscita serias reflexións sobre os barrios e vivendas do novo proletariado—, optou, como o propio Wagner, por unha posición máis evolutiva que revolucionaria. De aí que logre popularizar con relativa facilidade un novedoso estilo de plana verticalidade e moderado léxico modernista de longa pervivencia no ambiente vigués; aínda hoxe, modestas vivendas dos anos 25 e 30, ubicadas nas zonas periféricas, falánnos coa súa rixida e reiterada morfoloxía ornamental en superficies e balcóns daquela suxestiva e persistente influencia.

Pero, desafortunadamente, os ímpetus e a capacidade creadora do mozo José Franco foron desaparecendo a medida que os cargos —Arquitecto Diocesano— e o vertixinoso crecemento do catrasto edilicio absorberon a súa personalidade humana e profesional. Servidor, ao fin, da nova clase dominante, non chega a potenciar unha verdadeira liña de progreso e diante do declive do *Art Nouveau* regresa cara a fórmulas historicistas que non abandonará até a súa morte. De aí que, en 1920, ao proxectar a casa nº 2 de Montero Ríos, incide aínda nas solucións vienesas, pero xa cunha linguaxe contradictoria, máis ampulosa e marcada por vana retórica simbolistas que marcan o epílogo dun ambicioso e esperanizador empeño.

**III. A DECORACION
NA ARQUITECTURA MODERNISTA**

FLORA E FAUNA*

Unha das constantes características do Modernismo é o emprego dunha temática naturalista referida á fauna e á flora.

O material utilizado basicamente para a execución deste tipo de representacións na arquitectura modernista viguesa é, tamén, o máis usado na construción, é dicir, o grao ao que segue en importancia o ferro e máis a madeira para exteriores, en tanto que a escaiola e a madeira eran empregadas na fina decoración dos ambientes familiares.



Pero a arte da cantería cos seus ríxidos sillares condiciona en certa medida unha obrigada preferencia por formas paralelepípedas e trazados verticalistas ou xeometrizarantes. De aí que a frecuencia con que os elementos vexetais se ofrecen de forma moi limitada en claves, ménsulas, capiteis, fustes ou franxas horizontais, e a súa talla, de difícil execución sobre tan duro material, adquire unha solidez pétreo, unha atemporalidade incuestionábel que é, ao mesmo tempo, unha das súas características máis específicas. E así, cando excepcionalmente se proxectan balcóns de movidos perfís e xugosa decoración, segundo ocorre no edificio de Almacéns Simeón, é obrigado substituír o grao por un material máis moldeábel como a pedra Novelda —graos de cuarzo aglomerados por cementos naturais—, que, procedente do Levante español, foi utilizada neste caso

polas súas posibilidades de talla e posterior endurecemento. (1)

En canto á temática, hai que salientar a exclusiva localización de formas animadas en dous edificios: o de Saturnino García, na Praza de Compostela esquina García Olloqui, con cabezas de leóns rodeadas de abundante e variada vexetación coroando o faiado, e o de Almacéns Simeón, onde acada un amplo repertorio. Aquí, na fachada principal, móstrase un galo erguido sobre unha xanela ocular que o resalta e enmarca, dominando o corpo central; as pombas revolotean na parte superior das pilastras entre plantas floridas; os lagartos trepan entre xirasois, dous monstruos alados serven de gárgolas, dragóns alados devoran plantas no peitoril do balcón central e, por baixo deste, a cabeza dunha vella rodeada de follas de vide con acios sinala a clave dun grande arco carpanel; aos lados, e baixo o mesmo balcón, xoguetean uns delfíns e, no remate da súa zona central, enlázanse dúas emblemáticas serpes.

E é precisamente nesta representativa obra de Almacéns Simeón, onde o elemento vexetal tamén acada unha variedade máis interesante. Follas, froitos de flores de loureiro, acanto, carballo, edra, rododendro, vide, xirasois, rosas, etc., mistúranse e combínanse entre si coa fauna reseñada. Localízanse en peitorís de balcóns, capiteis, claves de arcadas, ménsulas, anelos de columnas, rodeando círculos a modo de medallóns colgantes e nos pináculos de coroación da fachada.

* A identificación vexetal deste traballo foi realizada polo profesor Luis Freire, do Departamento de Botánica da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela.



28.-Almacéns Simeón (1906): follas de *Quercus robur* L. con landras e follas de *Acanthus mollis* L. 29.-Casa Müller (1910): follas de *Rhododendron*.

30.-Almacéns Simeón (1906): follas de *Rhododendron*. 31.-Almacéns Simeón (1906): follas de *Hedera helix* L.

En edificios algo posteriores —casa Müller, de Saturnino García, do Conde de Torre-Cedeira e Pérez Boulosa—, utilízanse estes mesmos motivos cun mínimo de variacións. Entre as plantas máis frecuentes figuran a representación do loureiro e do rododendro, en tanto que o carballo, a vide ou a rosa, son máis escasos. Ao mesmo tempo, a identificación no tratamento xeral e na

calidade do labrado nos motivos de Almacéns Simeón e os do edificio de Müller induce a pensar na intervención do mesmo director de obra, o aínda non titulado arquitecto Manuel Gómez Román, e inclusive no mesmo construtor e nos mesmos canteiros.


Tamén merece salientarse a fachada da casa de Pérez Boulosa, na Praza de Compostela, onde aparece unha


decoración vexetal, follas de loureiro con froito, follas de rododendro, de acanto e rosas con especial carácter realista. Os seus dous balcóns, cuns peitorís e barandas que foron labrados en tres pezas de grao, presentan unha certa maleabilidade e lixeireza, mercede a oquedades que os traspasan totalmente entre as follas de acanto e os talos floridos da súa composición ornamental.

O FERRO FORXADO E O FUNDIDO




O ferro forxado, moi frecuente na arquitectura modernista doutras rexións e países, ten escasas mostras en Vigo. Só obras moi estudadas, nas que o detalle construtivo coidase con grande esmero, ofrecen a integración de elementos forxados. Así, na casa de Mülder, o ferro abraza o grao até o punto de facerse consustancial coa masa pétreo, adquirindo as súas mesmas cualidades: círculos inscritos e tanxentes, barras colgadas, flores e talos de diversas formas e tamaños, pero cunha acusada sequedade, constitúen a súa variada morfoloxía. Pola contra, nos Almacéns Simeón as barandas dos balcóns son menos ríxidas, conforman un conxunto abombado máis grácil, os talos dibuxan volutas e no centro surxe un ramiño de follas que parecen arrolarse co vento.

O ferro fundido e moldeado foi, non obstante, un dos materiais máis utilizados na arquitectura viguesa desde a década dos 70 do pasado século e até ben adentrado o actual. A maior parte das galerías, balcóns-miradoiros, balcóns corridos, peitorís, barandas de escaleiras, reixas e cerramentos de fincas están confeccionados con este material. Un custo módico, unha execución rápida e un repertorio moi amplo —era frecuente facer o pedido sobre un catálogo no que se ofrecían múltiples posibilidades—, deberon contribuir decisivamente á súa popularización da que non foi allea a personalidade dalgúns empresarios galegos. Entre eles destaca, en 1860, Antonio Sanjurjo Badía, natural de Sada (A Coruña) que, tras permanecer algúns anos traballando en Cuba, funda en Vigo a que co tempo sería a máis importante industria metalúrxica da rexión: “La Industriosa”, ubicada no que por aqueles momentos se coñecía por Camiño de Circunvalación, despois Duque de la Victoria, e actualmente Avenida de García Barbón, onde hoxe se encontran as vivendas nº 52 ao 58. Con máis de cen empregados e baixo as iniciativas do seu fillo Manuel, educado como o resto dos irmáns en distintos países europeos e continuador da empresa paterna, chegou a





32.-Casa irmans Suárez (1920): follas de Rhododendron e de trébol ou oxalis. 33.-Arriba: Almacéns Simeón, pombas revoloteando, esculpidas en granito. 34.-Casa de Saturnino García. Cabeza de León tallada en granito.






35.-Detalles de balcon en ferro fundido.

competir con Malingre Ludeña de Ourense, Alemparte de Carril (Vilagarcía) e Wonemburger de A Coruña. Desgraciadamente, un incendio ocurrido nas oficinas desta industria en 1942, fixo que se perdesen todos os mostrarios, dibuxos e moldes utilizados, pois o seu estudo podería contribuir a esclarecer a procedencia dos modelos e as súas múltiples variedades. Somentemente algúns

dibuxos da fundición de Joaquín Fernández Lema chegaron a nós.

Non obstante, moitos dos elementos en ferro fundido que hoxe contemplamos nos principais inmóbeis modernistas da cidade débense á creatividade dos distintos arquitectos. Así, Franco Montes realiza os seus propios deseños para as casas do Conde de Torre-Cedeira en



36.-Dibuxos da fundición de Joaquín Fernández Lema.

Marqués de Valladares e para a de Pérez Boullosa na Praza de Compostela. Nos peitorís e balcóns da primeira utilízanse motivos florais unidos a barras verticais e outras horizontais e cruzadas por un talo curvo con flores que rompen, deste modo, a austeridade inicial. Na segunda, o conxunto faise máis recargado e denso con abundantes follas de loureiro e elementos sezesionistas como círculos tanxentes e inscrites cruzados por una barra que os une. A porta da fachada principal constitúe unha afiligranada continuación de liñas verticais e

horizontais, círculos tanxentes, ramas de loureiro e rosas que, no seu conxunto, contrastan co escuro hall interior.

A influencia do *Art Nouveau* tamén se fai patente nalgúns modelos de balcóns realizados en serie e colocados en edificios modernistas e noutros que, afastados desta corrente, levántanse nas primeiras décadas do século. Os barrotes adquiren, así, forma de talos curvilíneos, pero con xugosas follas e flores na súa terminación; nunhas ocasións presentan aspecto de látigo e,

noutras, os elementos flamíxeros mistúranse con liñas curvas, verticais, horizontais e barras retorcidas, integrándose, desta maneira, formas lixeiras e ondulantes con outras ríxidas e atadas.

Non obstante, e a pesar das numerosas mostras de formas modernistas realizadas en ferro, resulta difícil poder valorar nas súas verdadeiras dimensións o grado de popularidade que chegaron a acadar, pois o “desenrolismo” construtivo e especulativo das últimas décadas foinos privando dun grande número destas suxestivas obras.

AZULEXOS E VIDREIRAS

As mostras localizadas de azulexos e vidreiras na arquitectura modernista viguesa son moi limitadas, pero non por iso pode omitirse a súa reseña.

Os azulexos con representacións coloristas aparecen nas fachadas de dous edificios: na casa de Enrique Mülder e na de Saturnino García. Na primeira móstranse en combinación con graú, formando recuadros no último piso e cobrindo o espacio situado entre dúas grandes arcadas da planta baixa e o balcón. Na segunda forman franxas horizontais integradas coa carpintería de madeira dos corpos saíntes ou miradoiros.

O tratamento da cor e do dibuxo indican claramente distintas procedencias. No inmóbel de Mülder grandes bustos clásicos, deuses e guerreiros, enmárcanse con elipses e orlas azuis ou ostentosas grinaldas verdes sobre



amplios campos de cor opaca. Polo contrario, na propiedade de Saturnino García, os bustos conviven co curvilíneo trazado de suxestivos motivos de fauna e flora; a súa variada e luminosa policromía, azuis claros, azuis cobalto, verdes, etc., destacan sobre o branco fondo cunhas características moi similares ás que definen a obra do ceramista e pintor madrileño Daniel Zuloaga (1852-1921) a quen, probabelmente, poidan atribuírselle (2).

Tamén as vidreiras, das que a súa integración coa arquitectura modernista é un dos seus aspectos máis suxestivos, ofrecen na nosa cidade interesantes mostras de vidro soplado, coas súas características irisacións, e debidamente chumbado. Trátase de obras encargadas a casas especializadas fóra da rexión galega, ás que, coas medidas, tamén se podían facilitar os correspondentes deseños. Na caixa de escaleiras e nun salón da casa de Joaquín Pérez Boullosa, na Praza de Compostela, aínda se conservan unhas fermosas vidreiras con temas florais de delicada estilización e transparente colorido; sobre fondos azuis moi claros destacan, en brillante contraste, follas e flores verdes, azuis, lilas, laranxas, rosas e amarelas. Outra grande xanela de vidro chumbado con motivos florais está localizada no sezesionista edificio de Jo.Pe.Ri. en Policarpo Sanz. Pero aquí, a unha maior variedade de elementos vexetais, únese unha cor máis apagada e unha interpretación máis realista con marcados efectos de claroscuro.

NOTAS

(1).- Dato facilitado polo escultor Camilo Nogueira.


(2).- Dato facilitado amablemente por Pedro Navascués, catedrático de Historia da Arte da Escola Superior de Arquitectura de Madrid.



37.-Vidreiras da casa Joaquin Pérez Boullosa (1910).



38.-Vidreiras da casa Joaquín Pérez Boullosa (1910). 39.-Vidreira da casa nº 18 de Policarpo Sanz (1914). 40.-Azulexos exteriores da casa de Saturnino García (1912).





41.-Azulexos exteriores da casa de Saturnino García (1912). 42.-Azulexos exteriores da casa Mülder (1910).

IV. BIOGRAFIAS

JENARO DE LA FUENTE DOMINGUEZ.

JENARO DE LA FUENTE DOMINGUEZ. Nace o 19 de setembro de 1851. Cursa a carreira militar e foi condecorado coa Cruz de Carlos III, coa Cruz roxa ao Mérito Militar de 1ª clase por acción de guerra e coa Cruz branca da mesma clase por servizos especiais.

En 1874, sendo tenente do Corpo de Enxeñeiros Militares na Sección de Fortificacións de Ferrol, trasládase a Vigo, cidade na que fixa a súa residencia de forma definitiva.

Co mero título de Mestre de Obras, e desde 1879, ano no que elabora o proxecto de vivendas para D. Manuel Bárcena Franco (Conde de Torrecedeira) na rúa de Policarpo Sanz esquina a Velázquez Moreno, pasa a protagonizar as obras máis importantes que se realizan en Vigo, e inclusive se estende á provincia (Hotel-Balneario de Mondariz, Pazo de Lourizán en Pontevedra, etc.), sendo a maioría de tipo ecléctico, aínda que a veces incorpore elementos modernistas. Actúa, asimismo, como Director Facultativo das obras Municipais desde 1889, acaparando pola súa situación e prestixio adquirido, desde suntuosas e custosas obras, astra simples reformas carentes de importancia.

En 1905, ante a constante inxerencia en proxectos que rebasaban as súas competencias, a Junta Central de Arquitectos de Madrid pideu ao Ministerio de Gobernación a separación do seu posto. Pero o firme apoio prestado polo Concello, decidiu o asunto ao seu favor e, o 29 de marzo, é confirmado no seu cargo.

Dous anos máis tarde, a Asociación de Arquitectos de Galicia entabla querrela criminal contra el por executar actos da profesión sen títulos suficientes e, en 1908, o Tribunal



Supremo condénao. Non obstante, seguiu disfrutando do favor municipal até o seu pasamento.

Foi profesor da Escola de Artes e Industrias de Vigo, centro no que impartiu a asignatura de "Dibuxo aplicado á ornamentación, modelado e vaciado", desde o ano 1894.

Fina en Vigo o 21 de agosto de 1922.

OBRAS DE INFLUENCIA MODERNISTA

- 1902.- Casa de vivendas para D. Manuel González, na Ribeira do Berbés, nº 23.
 - Fábrica de conservas para D. Antonio Alonso Santodomingo, na rúa de Serafín Avendaño, nºs. 7, 9, 11.
- 1906.- Locais comerciais na rúa Velázquez Moreno, nº 25.
- 1908.- Casa de vivendas para D. Alvaro López Mora na rúa Colón, nº 29.
- 1909.- Proxecto de instalación na Alameda do Bar Bandeira.
- 1911.- Casa de vivendas para D. Eduardo Pardo Labarta na Praza do Capitán Carreró, nº 11 (Porta do Sol).
- 1913.- Casa de vivendas para D. Benigno e Camilo Fernández na rúa de Urzáiz (José Antonio), nº 28.
 - Kioscos na rúa Elduayen, hoxe rúa Calvo Sotelo, nº 8.
 - Casa de vivendas para D. Inocencio Vázquez Viso, na rúa José Antonio, nº 18.
- 1914.- Edificio para a Sociedade "La Oliva" (hoxe almacéns Jo.Pe.Ri.), na rúa Policarpo Sanz, nº 18.

BENITO GOMEZ ROMAN



Benito Gómez Román

BENITO GÓMEZ ROMÁN. Nace en Vigo o 10 de agosto de 1868. Fillo de Benito Gómez González, contratista de obras, que tivo ao seu cargo a construción do Teatro Rosalía de Castro e do que acabou sendo propietario; tamén foi activo membro do Partido Republicano, polo que foi elixido Concellal.

Obtivo o título na Universidade Central de Madrid o 13 de xaneiro de 1898, aos 29 anos de idade.

Desempeñou o cargo de profesor de Teoría e Historia da Arte na Escola de Artes e Industrias de Vigo, durante o curso 1898-99, e de profesor de Construción Xeral e Técnica Industrial entre 1901-1903. Ao ano seguinte obtivo por oposición a praza en propiedade de profesor de Alxebra Superior e Xeometría Analítica, materias sobre as que deixou escrito un libro.

Desde 1900 ocupou a praza municipal de Arquitecto Director das Obras do Empréstito de Vigo (Mercado-Pescadería de A Laxe, Mercado da Praza do Progreso, urbanización da rúa do Pito, mercado de Contratación do Pescado...) até 1905, ano no que, por motivos de saúde, renunciou a ela. A meados de 1901 e comisionado polo Concello vigués viaxa a distintas poboacións españolas e a París para estudar os distintos mercados xa existentes.

Finou en Torreveja (Alicante) o 6 de setembro de 1908, e o seu cadáver foi trasladado á súa cidade natal.

OBRAS DE INFLUENCIA MODERNISTA

- 1901.- Talleres e exposición para o escultor Juan Baliño na Avenida de García Barbón, nº 49, esquina á rúa Oporto.
- 1902.- Casa de vivendas para D. Antonio Fernández na rúa da Pescadería, Nº 3 esquina á rúa San Bernardo.
- 1906.- Almacéns Simeón García, na Praza do Capitán Carreró, nº 6 (Porta do Sol) con esquinas á rúa do Dr. Cadaval e rúa Baixada a Príncipe.

JOSE FRANCO MONTES

JOSE FRANCO MONTES. Nace en Vigo o 22 de xaneiro de 1879. Era fillo do contratista de obras e concellal Manuel Franco de Caldelas.

Estudou na Escola Superior de Arquitectura de Madrid e, simultaneamente, cursou algunhas asignaturas na Facultade de Ciencias da Universidade Central. Obtivo o título de arquitecto o 21 de agosto de 1903.

A fins dese mesmo ano regresa á súa cidade natal, instala o seu estudo na rúa do Duque de la Victoria nº 63 (actual García Barbón, nº 67) e obtén por unanimidade o nomeamento de profesor interino da Escola de Artes e Industrias. Até 1907 ocupa esta praza e imparte accidentalmente outras asignaturas, en tanto que aspira á Cátedra de Electrotecnia Elemental na Escola de Artes e Industrias de Santiago e á de Dibuxo Artístico na de Logroño. En 1905 preséntase ao concurso para ocupar a cátedra de Construción de Máquinas en Vigo.

Ese ano, o Concello desta cidade noméao Arquitecto Municipal responsábel das obras exteriores ao centro urbano, cargo que perde en 1907, pola súa condición de vicepresidente da Sociedade de Arquitectos de Galicia, ao querellarse ésta co Director Facultativo das Obras Municipais, Jenaro de la Fuente, por falta de titulación. As discusións, enabladas con tal motivo e a forte personalidade deste arquitecto —chegou a acusar publicamente ao Concello de complicidade co seu Facultativo— fixéronlle perder o posto de profesor na Escola de Artes e Industrias e verse envolto nun desagradábel proceso por desacato. De todas formas, o III Congreso de Arquitectos de Galicia, Sociedade da que foi co-fundador, apoiou e eloxiou a súa desinteresada conduta.

En 1909 é nomeado Secretario do Partido Liberal de Vigo e, en xaneiro do ano seguinte, sae elixido concellal, cargo que ocupa



José Franco Montes

cunha profunda e activa preocupación pola situación urbanística e arquitectónica da cidade de Vigo e das clases traballadoras.

Ocupa a vacante de Arquitecto Diocesano, por morte de Quintana, o que o leva a realizar numerosas obras de carácter relixioso. Progresivamente, os seus ideais adoptan formas moito máis conservadoras. Poucos meses antes de finar foi nomeado Diputado Provincial.

Fina o 31 de xullo de 1939, á idade de 60 anos.

OBRAS DE INFLUENCIA MODERNISTA

- 1904.- Casa de vivendas para D. Ramón Posada na Avda. de García Barbón, nº 42.
- 1907.- Proxecto de Matadeiro Municipal de Vigo (sen ubicación precisa. Non se realizou).
Ampliación da fábrica de Conservas para D. Antonio Alonso Santodomingo, na rúa de Serafín Avendaño.
- 1908.- Casa de vivendas para D. Francisco Prado Angones, no Paseo de Alfonso XII, nº 31.
- 1910.- Casa do Conde de Torrecedeira, na rúa do Marqués de Valladares, nº 55 esquina á rúa Colón.
- Casa de vivendas para D. Joaquín Pérez Boullosa na Praza de Compostela, nº 24.
- 1913.- Chalet para D. Camilo Teijeiro Martín (Chalet "El Pilar") na rúa López Mora.
- 1917.- Proxecto de faiados para D. Antonio González Romero na rúa Colón, nº 29.
- 1920.- Casa de vivendas para os irmáns Suárez na Avda. de Montero Ríos, nº 2 con esquina á rúa García Olloqui.

RAMIRO PASCUAL LORENZO. (Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos). Nace en Vigo en 1866. Tras cursar os estudos de enxeñería pasa a exercer a súa actividade profesional en Vigo e Pontevedra, onde desempeñou o cargo de enxeñeiro Xefe de Obras Públicas. Realiza o plano de Reforma e Ensanche da vila de Gondomar e interveu activamente no proxecto de aumento do caudal de augas a Vigo. En xuño de 1900, o Concello de Vigo encárgalle o plano de Reforma e Ensanche da cidade. Este proxecto presentaría dez anos máis tarde (1910), conservando practicamente toda a súa vixencia astra o plano de Aliñamentos de Cominges, en 1943.

A súa visión do rápido crecemento de Vigo levouno a proxectar a Grande Vía que, conxuntamente coa rúa da Coruña, constituirían a segunda avenida de Circunvalación de Vigo; a primeira foino a actual rúa de Policarpo Sanz e Avenida de García Barbón, proxectadas a comezos do século XIX. Actualmente, 70 anos despois, coa industrialización do automóvil, e aínda que conxestionada, segue sendo a única vía de que dispón a cidade para desenrolar a función para a que foi proxectada.

Pascual Lorenzo finou en Vigo o día 20 de maio do ano 1940 aos 74 anos de idade.

RAMIRO PASCUAL LORENZO



LUIS VIDAL Y TUASON

LUIS VIDAL Y TUASON. Nacido en Madrid o 27 de setembro de 1877. Obtivo o título de arquitecto o 11 de abril de 1906.

A súa vida profesional desenrolouse en Sevilla, aínda que, accidentalmente, realice algúns proxectos en Vigo entre 1912 e 1915.

OBRAS DE INFLUENCIA MODERNISTA

- 1912.- Casa de vivendas para D. Saturnino García na Praza de Compostela, nºs. 31, 32 e 33 con esquina á rúa García Olloqui.
- 1913.- Casa de vivendas para D. Marcelino Barreras Vieite, na rúa Pablo Morillo nº 4.
- 1915.- Casa de vivendas para D. Casiano Méndez, na rúa Castelar nº 9.



EDUARDO CABELLO EBRENTZ

EDUARDO CABELLO EBRENTZ. (Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos).

Naceu o 17 de abril de 1865 en Filadelfia (EEUU), fillo dun militar español destinado en Cuba e de nai norteamericana. Vive na Habana até os quince anos, trasladándose posteriormente a Madrid, onde cursa e acaba os estudos de Enxeñería en 1891. Presta os seus servizos profesionais en Puerto Rico, Lugo e Pontevedra astra o ano 1908, ano no que pasa a desempeñar o cargo de enxeñeiro director das Obras do Porto de Vigo, substituíndo a Fernando García Arenal, conservando este cargo até a súa xubilación, en 1932.

En 1910 presenta o proxecto de mellora do Porto de Vigo, que abarca desde Bouzas deica Guixar. Polo que respecta ao peirao de Trasatlánticos e do Berbés, foron executados con fidelidade ao primitivo deseño; os do Arenal e Coia sufriron algunhas modificacións.

Tamén realizou outros peiraos na ría de Vigo e polo seu incansábel e eficaz labor ao fronte da Xunta de Obras do Porto é nomeado fillo adoptivo da cidade, e tamén é distinguido coa Grande Cruz do Mérito Naval e Encomenda do Mérito Civil.

Finou en Vigo o 26 de xullo de 1957 aos 92 anos de idade.



MANUEL FELIPE QUINTANA

MANUEL FELIPE QUINTANA. Nacido en Madrid o 26 de maio de 1842. Obtivo o título de arquitecto o 22 de marzo de 1869.

Durante a súa estada na cidade madrileña, interveu no proxecto do antigo Teatro de Madrid e realizou o monumento ao pintor Murillo, fronte ao Museo do Prado.

Foi arquitecto do Teatro Real, xefe facultativo da Dirección Central de Ferrocarril de Granada, Arquitecto Municipal de Ourense e Pontevedra e arquitecto da Diocese de Tui.

A partir de 1886 instalouse en Vigo e fixa o seu domicilio e estudo na rúa Policarpo Sanz, nº 22 e 26.

En 1905 é nomeado Arquitecto Municipal e dous anos máis tarde, con ocasión do pleito contra Jenaro de la Fuente, o III Congreso de Arquitectos de Galicia expúlsao da Asociación. Non obstante, permanece nunha postura de moderado equilibrio e cunha total clarividencia acerca dos condicionamentos

que a sociedade vai impondo á libre creatividade profesional.

Finou en Vigo o 20 de xaneiro de 1911 aos 69 anos de idade.

OBRAS DE INFLUENCIA MODERNISTA

1910.- Casa de vivendas para D. Enrique Mülder na Avda. de Montero Ríos, nº 22 con esquina á rúa Pablo Morillo.

**V. OBRAS DE
INFLUENCIA
MODERNISTA**

OBRADOIROS E EXPOSICION PARA JUAN BALIÑO

DENOMINACIÓN:

Obradoiros e exposición para Juan Baliño.

LOCALIZACIÓN:

Avda. García Barbón nº 49, esquina á rúa Oporto nº 25 (antigas rúas do Duque de la Victoria e 5ª Transversal). VIGO.

AUTOR:

Benito Gómez Román (1868-1908)

ÉPOCA:


Proxecto: marzo 1901.

DESCRIPCIÓN:


Trátase dun pequeno obradoiro para o escultor e marmorista Juan Baliño, de planta rectangular (16,00 x 7,50 m.) cun chanfro na confluencia das fachadas. É de planta baixa e dispón dun sotarrego que ocupa a terceira parte da superficie da planta. Está construído con muros de ladrillo, e enlucido exterior con morteiro de cemento, o que permitiu moldear con facilidade as distintas composicións decorativas das fachadas. Dispón de tres vans á rúa Oporto (portas de entrada), un ao chanfro (porta) e cinco á Avda. García Barbón (grandes xanelas), e todos eles, a excepción do situado no chanfro, con arcos de medio ponto e un peraltado. A coroación do edificio realízase mediante un peitoril con pináculos e círculos con cabezas de león. A carpintería foi cambiada. O seu estado de conservación é regular e non dispón de ningunha protección.

ENTORNO:

Foi construído na zona denominada "O Arenal", onde se ubicaba a industria viguesa (asteleiros, fábricas de conserva, fundicións, etc.). Co desenvolvemento urbano, a industria foi desprazada e no seu lugar edificáronse inmóbeis de vivendas. Na actualidade, este pequeno pabellón, unido a outro tamén de planta baixa pola rúa de Oporto, encóntrase rodeado de edificios de sete e nove plantas, e está chamado a desaparecer en breve prazo.



43.-Detalle.



44.-Plano da fachada. 45.- Vista xeral.



CASA DE VIVENDAS PARA ANTONIO FERNANDEZ

LOCALIZACIÓN:

Rúa Pescadería nº 3, esquina á rúa de San Bernardo nº 11. VIGO.

AUTOR:

Benito Gómez Román (1868-1908).

ÉPOCA:

Proxecto: agosto 1902.


DESCRIPCIÓN:

É de planta romboidal con dúas fachadas (7,75 x 16 m.) en esquina ás rúas Pescadería e S. Bernardo, con entrada ás vivendas por esta última. O proxecto e edificación primitiva constaba de planta baixa e dúas altas, engadíndose posteriormente unha terceira planta que rompe a estética do conxunto inicial.

Está construída en pedra de grao e os vans das xanelas enmarcados con elementos saíntes do mesmo material, proporcionándolle un sentido verticalista de elevación. Son tres os ocos a S. Bernardo e seis a Pescadería. Os dinteis dos vans do baixo son semicirculares e apóianse sobre ménsulas que acortan o seu ancho. O seu estado de conservación é bon e goza da protección que para o Casco Antigo se establece no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

ENTORNO:

Ubicada dentro do antigo recinto amurallado da cidade e contra a praza da Pescadería, onde se vendía o peixe a ceo aberto, construíuse case ao mesmo tempo que o Mercado da Laxe (realizado para dar cobizo a compradores e vendedores de peixe). Este mercado, de sotarrego e planta baixa, permitía desde o peirao a visión do Vigo antigo, de pétreas e escalonadas edificacións, sobre as que saíentaba a Colexiata de Santa María. Vendido polo Concello hai pouco máis de dez anos, foi edificado no seu lugar un hotel de dezaoitto plantas. Este hotel e as demais edificacións veciñas, e que se distribúen ao longo da Avenida de Cánovas del Castillo, rompen brutalmente a visión de harmonía existente entre as edificacións do Vigo amurallado.




46.-Planta e fachada.



47.-Detalles.



ALMACENES SIMEON



48.-Fachada lateral.

LOCALIZACIÓN:

Praza do Capitán Carreró nº 6 (Porta do Sol), con esquinas á rúa Baixada a Príncipe, e rúa Dr. Cadaval. VIGO.

AUTOR:

Benito Gómez Román (1868-1908).

ÉPOCA:

Proxecto: 1906-terminación: 1911.

DESCRIPCIÓN:

É unha edificación exenta con planta trapezoidal e tres fachadas a rúas (13 m. á Praza C. Carreró, 45 m. á rúa Dr. Cadaval e 55 m. á rúa Baixada a Príncipe). É de planta baixa e catro altas, estando a última en mansarda. Está realizada con pedra de grao finamente labrada; balcóns sobre ménsulas con peitorís de ferro forxado uns e de pedra areosa Novelda outros, todos eles profusamente decorados con motivacións animalísticas e sobre todo florais.

Na fachada principal á Porta do Sol dispóñense tres corpos enmarcados con saíntes en formación de pilastras e que coinciden cos tres vans. É simétrica e o corpo central é máis alto e está tratado para lle dar realce de entrada principal. No baixo dispónse dun grande vestíbulo aberto, a modo de sopor-tais. A entrada aos pisos pódese realizar polas dúas rúas laterais, sendo a principal por Dr. Cadaval, que se encadra nun corpo de tres vans, destacando do resto por dúas pilastras. Na mansarda ten unhas xanelas cunha curiosa coroación en forma de crista de galo.

Coa morte do seu autor continuou a dirección o seu irmán Manuel.


O estado de conservación é relativamente bon e dispón da protección municipal, con Ordenanzas de Conservación aprobadas en sesión de 29-IV-1977.


ENTORNO:

Esta obra foi edificada sobre un solar mu-


nicipal no que se ubicaba a Praza do Sol, onde se celebraba o mercado de legumes. Ficaba colindante e fóra do recinto amurallado, que foi derribado 37 anos antes. O motivo da cesión do terreo foi impedir que Vigo se quedase sen teatro, xa que a Vda. e fillos de Simeón García e Compañía adquiriran o teatro Cervantes co obxecto de derribalo e establecer nese sitio os seus almacéns. O edificio formaba un conxunto homoxéneo e en harmonía con todos os do seu mesmo aliñamento, dentro da simbólica e lograda praza da Porta do Sol de Vigo. Desafortunadamente, este equilibrio quedou roto a causa da construción relativamente recente dun veciño e anodino edificio, con chapeado de grao rosa, que substituiu ao nobre e xa histórico de "La Villa de París", que cos seus balcóns e galerías —miradoiros no chanfro—, facía galanía dun esplendoroso pasado.

49.-Detalle da terminación do corpo central á Porta do Sol.





50.-Vista do edificio desde a Porta do Sol. 51.-Detalles do mesmo.




52.-Alzado á rúa do Dr. Cadaval. 53.-Detalle das fiestras da planta amansardada.



54.-Detalle de balcón.


CASA DEL PUEBLO

Casa do pobo (1911). Situada na Avda. García Barbón, onde se construíu a actual casa de Sindicatos. Atribuída ao arquitecto Manuel Gómez Román.



55.-Detalle da fachada.

AMPLIACION DA FABRICA DE CONSERVAS PARA D. ANTONIO ALONSO



56, 57.-Proyectos de ampliación.

LOCALIZACIÓN:

Rúa Serafín Avendaño, n.ºs. 7, 9, 11... (chamada anteriormente Barxa). VIGO.

AUTOR:

1ª ampliación: Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

2ª ampliación: José Franco Montes (1879-1939).

EPOCA:

1ª ampliación: proxecto: xullo 1902.

2ª ampliación: proxecto: novembro 1907.

DESCRIPCIÓN:

A planta era trapezoidal e o total das dúas ampliacións abranxían uns cen metros de fachada. É de planta baixa cunha altura media


duns sete metros. A fachada é de pedra con recercados de ocós, peitorís e elementos decorativos de graú labrado. Entrepanos de sillares de pedra sen labrar e revestido de morteiro pintado de branco. Disposición en tres naves paralelas á fachada con pilares de ferro fundido e coitelos de ferro. O que nos queda da súa forma orixinal é mínimo xa que as grandes xanelas foron tapiadas e a carpintería cambiada. A composición da fachada baséase en grandes xanelas altas divididas pola metade con sillares de graú que lle proporcionarían unha mellor estabilidade, reducindo as dimensións da carpintería. Nos painos intermedios colgan cintas de pedra da cornisa. En arcadas e na coroación da cornisa utilízase o arco elíptico con forma da letra

grega Ω, moi utilizado por Jenaro de la Fuente.

Xa non nos queda nada da 2ª ampliación, realizada por José Franco Montes, e a mostra que aínda está en pé desaparecerá axiña. A conservación é mala e sufriu moitas modificacións tanto no interior como no exterior.

ENTORNO:

Edificada esta nave na zona industrial de Vigo de fins do século XIX e principios do XX, chamada "O Arenal", onde tamén se ubicaban asteleiros, fundicións, estampacións, etc., toda ela vai desaparecendo para deixar paso á edificación masiva de vivendas que lle produce unha maior rendabilidade ao chan. Actualmente está rodeada de casas informes de vivendas de dez plantas.



58.-Detalles da 1ª. ampliación.

CASA PARA MANUEL GONZALEZ

LOCALIZACIÓN:

Rúa Ribeira do Berbés, nº 33.- VIGO

AUTOR:

Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

EPOCA:


Proxecto: xullo 1902.

DESCRIPCIÓN:

É de planta trapezoidal (6 x 18 m.) con soportais na planta baixa. No proxecto figura unha planta baixa e unha alta. Dada a súa continuidade estilística, na mesma época construíuse o baixo e dous andares. Con posterioridade foi engadida unha terceira planta que rompe a harmonía arquitectónica do resto. A cornisa primitiva foi trasposta á nova ampliación. A fachada é de grau labrado, xa algo deteriorado polo vento e pola salitre. Limitada por dúas pilastras laterais, consta de tres vans. O seu estado de conservación é regular, a carpintería foi substituída por outra de aluminio e fóronlle colocadas persianas de plástico. Goza da protección establecida no Plan Xeral de Ordenación Urbana para o Casco Antigo.

ENTORNO:

Situado no antigo e conxuntado barrio de pescadores coñecido por "Berbés", foi éste un dos primeiros edificios que rompéu coa estética ambiental de casiñas mariñeiras de baixo e piso. Fotografías de principios de século permítennos ver esta casa destacando sobre as demais pola súa altura e polas súas cegas medianeiras de grau. Adicións de todas as épocas e construcións actuais deformaron totalmente a fisonomía dun dos barrios mariñeiros máis típicos de Galicia. Desta cara non quedan máis de cinco ou seis casiñas e non precisamente as máis significativas. Na actualidade levántanse casas de baixo e catro plantas altas, como a colindante polo seu lado dereito que, ademais de sobresaír en alíñamento, está realizada con chapado de pedra e unhas insulas balaustradas corridas nos balcóns.



Fachada.

Escala de 1/30

Vigo 30 de Julio de 1902

Jenaro de la Fuente y Domínguez


59.-Fachada.



60.-Detalles da fachada.

CASA DE VIVENDAS PARA ALVARO LOPEZ MORA

61.-Planta e fachada.



LOCALIZACIÓN:

Rúa Colón, nº 29. VIGO.

AUTOR:

Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

ÉPOCA: Proxecto: marzo 1908.- Adición faiado: outubro 1917.

DESCRIPCIÓN:



Edificio de planta rectangular (20 m. fachada por 24 m. de fondo) con escaleira ao centro, patio central e laterais e vivendas á dereita e esquerda. É de planta baixa, catro plantas altas e aproveitamento baixo cuberta, con faiado e tres grandes xanelas que foron adicionados no ano 1917, con proxecto do arquitecto José Franco Montes. O 15

de maio de 1909, cando o contratista Antonio González Romero tiña case acabada a obra, un incendio destruiu a totalidade do edificio, desplomándose a fachada. Foi reconstruído de novo. A fachada é de pedra de graú labrada e está dividida en cinco corpos diferenciados por uns relevos a modo de pilastras, tendo os dous laterais un van e os tres centrais, dous. A excepción da primeira planta, todos os demais ocos dispoñen de balcóns. Entre a variada decoración utilízanse as características arcadas elípticas en forma da letra grega Ω.

O estado de conservación é bon se exceptuamos o infame forrado con chapado de graú gris escuro do baixo, co que a mutilación do edificio queda resaltada. Está protexido pola Ordenanza Municipal de Conservación aprobada en sesión de 29-IV-1977.

ENTORNO:

Ubicada na antigamente chamada rúa do Ramal, correspóndese coa primeira grande ampliación urbana cara ao Este, do Vigo amurallado, que se desenrola entre fins do XIX e principios deste século. Constituíu o que se chamaría o Vigo Moderno, onde se desenvolveu (até os nosos días) a principal zona comercial. A edificación nestas amplas rúas coídábase moito no seu aspecto externo con bos materiais (graú) e pomposa decoración. Ao lado deste tipo de arquitectura de graú con fisonomía propia, érguense hoxe edificacións, como a do nº 27, que cos seus chapados de pedra pulida, revestidos de aluminio e persianas de plástico, contrasta violentamente. Por outro lado, tamén se marcan diferencias de altura (oito e inclusive dez plantas en total), cando o ideal sería unha continuidade na liña de cornisa.



62.-Vista xeral da fachada. 63.-Detalles.

CASA DE VIVENDAS

LOCALIZACIÓN:

Rúa Colón, nº 31. VIGO.

AUTOR:

Atribuída a Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

ÉPOCA:

Entre 1910 e 1915

DESCRIPCIÓN:

De planta trapezoidal (12 por 24 m.) consta de baixo, catro plantas altas e faiado. Non se localizaron planos da casa, motivo polo que carecemos de datos máis precisos. Debeu ser feita case simultaneamente ao nº 29 (por 1910), pois o estilo arquitectónico é similar, as balaustradas de ferro fundido é similar, as balaustradas de ferro fundido dos balcóns son iguais, e en fotografías da época aparecen xuntas. A fachada é de grao labrado e consta de tres corpos: o central continúaase por enriba da cornisa e ten dous vans, en tanto que os dous laterais teñen un só van.

O estado de conservación é bon, a excepción do oco lateral dereito da planta baixa, que foi deformado ao ser ampliado para escaparate; está protexido pola Ordenanza Municipal de Conservación, aprobada en sesión do 29-IV-1977.

ENTORNO:

Remitímonos ao sinalado para a casa nº 29, facendo constar aquí o perigo que corre se as dúas pequenas casas limítrofes de baixo e dúas plantas son substituídas por outras de dez plantas, como a que se sinala co nº 37 da mesma rúa, cunhas cegas e enormes medianeiras, que serven de espello dunha trasnoitada ordenanza para edificacións, onde a altura vai en función do ancho da rúa.



64.-Fachada.



65.-Vista da fachada. 66.-Detalles.

CASA DE VIVENDAS PARA EUDORO PARDO LABARTA

LOCALIZACIÓN:

Praza do Capitán Carreró, nº 11, máis coñecida por Porta do Sol. VIGO.

AUTOR:

Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

ÉPOCA:

Proxecto: febreiro 1911.

DESCRIPCIÓN:

De planta moi irregular con forma de L inclinada (19 m. fachada a Porta do Sol, e 14m. a Cruz Verde), ten dúas fachadas: unha principal á Porta do Sol e outra secundaria á rúa Cruz Verde oposta á primeira e a máis alto nivel. É dunha vivenda por planta (360 m²), con dúas escaleiras e un ascensor. É de planta baixa, catro plantas altas e ático. Realizada en grau labrado e con profusa ornamentación, consta de tres corpos sinalizados pola súa continuidade fóra da liña de cornisa coas súas correspondentes torretas. O do centro é máis ancho e saínte, con unhas seudogalerías de pedra ou ocos que non se chegaron a pechar coa carpintería e vidro correspondente. Segue unha liña de simetría central e, a excepción de certos elementos de composición e ornamento modernistas, é eminentemente ecléctico.


O seu estado de conservación é bon, a excepción do baixo, onde se utilizou unha carpintería e enreixado de aluminio que desdi do conxunto. Está protexido por ordenanza municipal de conservación, aprobada en sesión de 29-IV-1977.


ENTORNO:

A obra está ubicada dentro do antigo recinto amurallado. A fins do século pasado ampliouse a Praza do Sol e procedeuse á apertura da Travesía (hoxe Calvo Sotelo), con obxecto de abrir unha comunicación entre o Este e o Oeste da cidade. Desta forma, a praza adquiriu unha ampla perspectiva, que lle proporcionou unha característica pe-

culiar representativa do Vigo moderno. O conxunto arquitectónico e urbanístico da praza está bastante logrado, dándolle este edificio un carácter de riqueza monumental. Na actualidade, no veciño edificio sinalado co número 10 (baixo e catro plantas), o que

empezou sendo un apec e acondicionamento do baixo e entrechán, convertiuse de supeto nun derribo total da fachada e nunha nova estrutura de baixo e oito plantas, cunha medianeira que quedará vista de dez a doce metros por riba da edificación nº 9.






68.-Detalles da fachada á Porta do Sol.

CASA DE VIVENDAS PARA CAMILO E BENIGNO FERNANDEZ

69.-Planta e fachada.



LOCALIZACIÓN:

Rúa José Antonio nº 28 (antes rúa Urzáiz). VIGO.

AUTOR:

Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

ÉPOCA: Proxecto: abril 1913.

DESCRIPCIÓN:

De planta case cuadrada en forma de U (26 m. fachada x 28 m. de fondo), consta de dúas vivendas: dereita e esquerda, con caixa de escaleiras e ascensor centrais. É de planta

baixa e catro plantas altas, sendo a última, na súa orixe, un ático en mansarda. A fachada, de ampulosa ornamentación, é de grau labrado e está formada por tres corpos saíntes, un central e dous laterais, que se elevan por riba da cornisa. Os dous tramos intermedios teñen tres vans cada un. Dos tres corpos saíntes a modo de galerías de pedra, só o do centro aparece pechado con carpintería de madeira e cristal, os dous laterais deixáronse abertos. Estes corpos están subdivididos en tres vans separados con pilastras, das que os capiteis presentan decoración floral.

O estado de conservación é regular. O ático foi desfigurado, levando a fachada adicio-

nada á mesma liña que os tres corpos sobre-saíntes, co que se ofrece na actualidade unha desagradábel mezcolanza de partes antigas e modernas, que se rexeitan entre sí a pesar de usar o mesmo material. Todo o lateral esquerdo da planta baixa foi barbaramente mutilado coa construción dun apeo e duns insulsos escaparates cunha entrada bordeada de chapado de grau negro para realzar o seu carácter macabro. Unha enorme marquesiña forrada de aluminio impide a visibilidade normal do edificio desde a propia acera. E como culminación de atentados e en honor ao mal gusto, construíuse un ofensivo e lacerante portal de aluminio. Goza da



70.-Detalles de fachada.

protección de Ordenanza Municipal de Conservación, aprobada en sesión do 29-IV-1977.

ENTORNO:

Esta edificación, malia todos os atopamentos a que estivo sometida, forma un conxunto armonioso con todas as da súa

liña e do fronte no seu entorno máis inmediato, xa que nas proximidades da rúa Hernán Cortés e na súa prolongación rúa Cervantes, existen edificacións a ambos lados, máis ou menos recentes, de nove plantas. Pola súa altura e medianeiras vistas, rompeuse, con só dous edificios a un e outro lado,

o equilibrio e a composición estética conformada durante varios decenios. Case todas as edificacións foron realizadas entre a primeira e segunda décadas do presente século e cunhas alturas máis ou menos uniformes e graciosamente escalonadas, seguindo a pendente da rúa.

KIOSCOS

LOCALIZACIÓN:

Rúa Calvo Sotelo nº 8; (antes Rúa Eldua-yen). VIGO.

AUTOR:

Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

EPOCA:

Proxecto, setembro de 1913

DESCRIPCIÓN:

De planta trapezoidal con 18 m. de fachada e moi pouco fondo viñeron a substituír uns

kioskos existentes de madeira. É de planta baixa e forma esquina coa rúa Sombriereiros por un lado, e coa rúa Misericordia polo outro. Está composto por cinco vans, sendo o central o máis estreito, e todos eles rematados con arcos elípticos formando a letra grega Ω . Entre os vans sitúanse unhas pilstras que continúan en pináculos por riba da cornisa. É de ladrillo revestido de morteiro de cemento e pintado de branco.



O seu estado de conservación é regular polo abandono a que estivo sometido. Non goza de nengunha protección para a súa conservación.

ENTORNO: Está adosado a unha antiga casa de pedra, formando entre os dous edificios un pequeno bloque coa mesma altura. Situa-do dentro do antigo recinto amurallado e forzadas as súas dimensións polo aliñamento da nova Travesía (Calvo Sotelo), formaban un conxunto moi acorde coas edificacións da cidade antiga. Só a edificación veciña da outra beira da rúa Misericordia, coas súas sete plantas, desentona do conxunto.

Esta edificación e a casa adosada acaban de ser derribadas na súa totalidade para deixar paso a un edificio de máis altura.



71.-Fachada.



72.-Planos de alzados levantados recentemente copiando os orixinais que se atopaban algo deteriorados. 73.-Detalle.

CASA DE VIVENDAS PARA INOCENCIO VAZQUEZ

LOCALIZACIÓN:

Rúa José Antonio nº 18 (antes Urzáiz).
VIGO.

AUTOR:

Jenaro de la Fuente y Domínguez (1951-1922).

ÉPOCA:

Proxecto completo: decembro 1913. Licencia para o 2º e 3º piso, maio 1923.

DESCRIPCIÓN:

É de planta rectangular (9,5 m. de fachada por 22 m. de fondo). Consta de planta baixa e catro altas, sendo a última un ático retranqueado. A fachada é de pedra de grau labrada, formada por tres vans, estando o lateral dereito subdividido en tres por estreitas pilastras e compondo un corpo diferenciado pola elevación da cornisa que se fai circular. Na súa decoración abundan elementos verticalistas, cintas colgadas, círculos, etc., de marcado interés modernista.



O estado de conservación é bon. A construción dun escaparate no baixo lateral dereito levouno a desfigurar a súa primitiva arquitectura. Non goza de protección particular aínda que sí participa da que ten toda a rúa, e que foi aprobada en sesión municipal do 29-IV-1977.

ENTORNO:

Esta casa está ubicada no centro comercial do Vigo moderno de principios de século. Está perfectamente conxuntada coas cinco que seguen até a rúa Núñez, cunha altura máxima que é a que corresponde a baixo e catro andares. Hai uns anos construíuse polo seu lado esquerdo un inmóbel de baixo e oito plantas altas, que lle proporciona unha desafortunada e antiestética medianeira vista, e todo iso con independencia do contraste violento pola súa altura e materiais utilizados (chapado de grau pulido, aluminio e plásticos).



74.-Detalle.



75.-Plano original. 76.-Fachada.

INSTALACION DA SOCIEDADE "LA OLIVA"

LOCALIZACIÓN:

Rúa Policarpo Sanz, nº 18. VIGO.

AUTOR: Jenaro de la Fuente y Domínguez (1851-1922).

ÉPOCA:

Proxecto, xaneiro, 1914.


DESCRIPCIÓN:

É de planta romboidal á rúa Policarpo Sanz e prolóngase na primeira até a rúa do Príncipe á que se corresponde por diferenza de alturas coa planta baixa. É de planta baixa e unha alta e está construído de ladrillo e revestido de morteiro de cemento. Consta de tres vans, estando o do centro subdividido en tres mediante pilastras. Os dous machóns laterais prolónganse por riba da cornisa a modo de medallóns con grinaldas.

O seu estado de conservación é regular, xa que o baixo foi totalmente desfigurado cun apeo ao estilo "Art Decó". Non goza de ningunha protección concreta.


ENTORNO:

Está construído no centro comercial de Vigo. Pode decirse que está perfectamente conxuntado en altura coas dúas casas que ten aos seus lados, con alturas que non superan o baixo e dúas plantas altas, permitindo observar as galerías de madeira das casas que ten ás súas costas e que se corresponden coas fachadas posteriores de casas da rúa do Príncipe. O edificio con muro cortina de aluminio e grandes medianeiras que ten o nº 14, é de planta baixa e oito plantas altas, polo que se pode un imaxinar o contraste que forma coas casas antigas que a rodean.





77.-Fachada. 78.-Detalle.

OUTRAS OBRAS DE JENARO DE LA FUENTE





79.-Plano de locais comerciais na rua Velázquez Moreno n.ºs. 25-27 e 29, de 1906. A planta baixa foi totalmente mutilada. 80.-Fotografia da primeira planta.





81.-Plano de Bar Bandeira, a situar na Alameda. Proxecto de 1909. 82.-Plano de urinarios públicos (1916). 83.-Fotografía das casas de Concordia Lamberti en r/José Antonio nº 1 (Urzaiz). Proxecto de maio de 1903. Esta edificación preséntase moi mutilada.



84.-Casa de vivendas para Saturnino García na rúa Montero Ríos nº 6, con esquina a Castelar nº 11. O proxecto é de xuño de 1914 e en xullo de 1922 solicitáse a licenzia para adicionar os dous últimos pisos.

CASA DE VIVENDAS PARA FRANCISCO PRADO



85.-Detalle da fachada.

LOCALIZACIÓN:

Rúa do Paseo de Alfonso XII, nº 31. VIGO

AUTOR:

José Franco Montes (1879-1939)

ÉPOCA:

Proxecto: xuño de 1908.

DESCRIPCIÓN:

É de planta rectangular (9m. por 16m.) e consta de planta baixa e tres plantas altas. A fachada é de pedra de grao labrada con moi

pouca ornamentación. Consta de tres vans, dispoñendo o central de balcóns en todos os pisos, con barandas de ferro fundido de tipo modernista e todas elas de distintas formas.


A fachada foille notabelmente alterada ao derribarlle as dúas galerías ou miradoiros pechados que tiña a ambos lados e que figuran no proxecto e en fotografías antigas. Como restos delas, unicamente quedan as bases situadas no primeiro piso e que se deixaron a modo de balcóns cunhas insulsas barandas. Aínda se aprecian os sillares cortados e que se anclaban no muro. A coroa da fachada faise mediante catro pináculos e dúas formas trilobuladas que enmarcaban as bicudas cobertas dos miradoiros. Goza da Ordenanza

Municipal de Conservación aprobada en Sesión do 29-IV-1977.

ENTORNO:

Fica situada fóra do antigo recinto amurallado, no denominado barrio da Falperra.

Todo o frente ao Paseo de Alfonso XII do bloque é un dos poucos conxuntos arquitectónicos de Vigo que non foi alterado por edificacións en altura. Desafortunadamente, e aínda non hai moito, construíronse algunhas antiestéticas galerías de aluminio e de cemento, en substitución doutras de madeira, que ocasionaron unha rotura violenta co entorno, afeando considerabelmente o conxunto.



86.-Plano orixinal da primitiva fachada cos miradoiros laterais. 87.-Casa no Paseo de Alfonso XII nº 31 (1908); lamentablemente mutilada ao tirarlle as dúas galerías laterais.

CASA PARA O SR. CONDE DE TORRE-CEDEIRA

LOCALIZACIÓN:

Rúa do Marqués de Valladares nº 55-esquina á Rúa Colón. VIGO.

AUTOR:

José Franco Montes (1879-1939).

ÉPOCA:


Proxecto: xaneiro de 1910.

DESCRIPCIÓN:



De planta trapezoidal con fachada moi alongada (30m.) e pouquisimo fondo (5 a 10 m.) estaba constituída por planta baixa, dúas plantas altas e un faiado amansardado. A fachada é de pedra de grao labrada e coberta de pizarra.

Esta representativa obra modernista foi derribada recentemente para colocar no seu lugar outra de planta baixa, sete plantas altas e dous áticos, que tamén a podemos clasificar como representativa pola súa abundancia da actual arquitectura comercial viguesa.

A obra proxectada, tamén modernista, é totalmente distinta á realizada despois, e da que non quedan máis que unhas fotografías.



88.-Copia calcada do proxecto orixinal. Fachada e plantas.



89.-Plano obtido do edificio construido. 90.-Deseño das barandas. Depositados en fundación Joaquín Fernández Lema.




91.-Vista xeral da fachada. 92.-Detalle da mesma pouco antes do seu derribo.

93.-Detalle do chanfro na súa parte alta.



CASA DE VIVENDAS PARA JOAQUIN PEREZ BOULLOSA



94.-Planta e fachada.

LOCALIZACIÓN:

Praza de Compostela, nº 24 (Alameda).
VIGO.

AUTOR:

José Franco Montes (1879-1939)

ÉPOCA: 1910.

DESCRIPCIÓN:

É de planta rectangular (12m. por 19m.) e consta de planta baixa e tres altas. A fachada é de pedra de grao labrado con abundante ornamentación. Faise resaltar o corpo la-



teral esquerdo, que corresponde co portal de entrada cun distinto tratamento e unha elevación a modo de torreta por riba da liña de cornisa. Ten cinco vans que se corresponden con outras tantas portas no baixo e están tratados de forma distinta, segundo os pisos na súa decoración e nos balcóns (illados na 1ª, con simples parapeitos na 2ª e corrido na 3ª).

O seu estado de conservación é bastante bon, xa que non foi alterada a súa fachada orixinal. Só uns mínimos detalles negativos aféana un pouco: unha farola de aluminio, un letreiro na planta baixa, tres mastros e unhas fisuras do lado dereito motivadas posiblemente polo asentado da casa nº 23. Sendo éste un dos edificios máis representativos do

modernismo vigués, non dispón de ningunha protección municipal.

ENTORNO:

Está construído no recheo denominado Ensanche de García Olloqui (1871), urbanización con trazado reticular de seis bloques. Conxuntada con todas as edificacións do entorno pola súa altura, actualmente aparece diminuída polos grandes bloques de vivendas que se alzan aos seus lados de planta baixa, nove plantas altas e varios áticos. É unha nefasta consecuencia das ordenanzas que para toda a cidade regulan a altura en función do ancho das rúas, sen consideración algunha para o que xa estaba conformado.



95.-Detalles do portal exterior e interior e da fachada. É esta unha obra moi coidada en detalles, tanto do labrado do granito exterior e do ferro fundido en barandas e porta de entrada como nas lucidas vidreiras, decoracións en xeso e carpintería de madeira interiores.

CASA DE VIVENDAS PARA OS IRMANS SUAREZ

LOCALIZACIÓN:

Avda. de Montero Ríos, nº 2, esquina á rúa García Olloqui, nº 10. VIGO.

AUTOR:

José Franco Montes. (1879-1939).

ÉPOCA:


Proxecto: xaneiro de 1920.

DESCRIPCIÓN:

É de planta rectangular (11,50 por 24m.) con dúas fachadas e chanfro na esquina. É de planta baixa e tres plantas altas. Está construído en pedra de grao finamente labrada e con abundante decoración. No chanfro dispónse un corpo saínte a modo de galería miradoiro, realizado todo en pedra. Se ben se manteñen algúns elementos de traza modernista, tamén aparecen outros moitos totalmente eclécticos. O seu estado de conservación é bon, e goza da protección de Ordenanza Municipal de Conservación aprobada en sesión de 29-IV-1977.

ENTORNO:

Edificado nos terreos do recheo do Ensanche de García Olloqui, participa da arquitectura que no decurso de cinco décadas se conxuntou na zona. Pola rúa García Olloqui, e en inmediata vecindade, levantouse unha nova edificación de planta baixa e seis plantas altas, rompendo, aínda que de forma moi discreta polo plantexamento volumétrico da fachada, a harmonía da altura. Non obstante, o material usado —pedra artificial branca— contrasta fortemente coa pátina gris do edificio estudado.




96.-Planos orixinais (fachadas).




97.-Vista xeral da fachada. 98.-Detalles da mesma.

OUTRAS OBRAS DE JOSE FRANCO MONTES



99.-Proxecto de matadeiro municipal realizado en 1907, por encargo do Concello, e que non se chegou a realizar por enfrentamento co alcalde e cese obrigado do seu cargo de Arquitecto Municipal. 100.-Proxecto de baixo comercial na Avda. de García Barbón nº 1, esquina a Colón, realizado en 1909.



101.-Proxecto de pabellón para Central de Ferrocarril a situar na rúa Policarpo Sanz (maio 1905).
102.-Proxecto de casa para Ramón Posada, de 1904, construída na Avda. de García Barbón nº 42.
103.-Chalet para Camilo Teijeiro Martín (hoxe "El Pilar"), na rúa López Mora (antiga carretera de Baiona). Proxecto de outubro de 1913.

CASA VIVENDA PARA SATURNINO GARCIA

LOCALIZACIÓN:

Praza de Compostela, números 31, 32 y 33 (Alameda), con esquina á rúa de García Ollóqui, nº 2.- VIGO.

AUTOR:

Luis Vidal y Tuasón (1877-?).

ÉPOCA:

Proxecto: febreiro de 1912.

DESCRIPCIÓN:


É de planta rectangular (24m. x 13,50m.) con dúas fachadas e correspondente chanfro en esquina. É de planta baixa, tres plantas altas e faiado. Consta de tres pequenas vivendas por planta, con escaleira independente para cada unha. Está realizada en pedra de grau labrada, con galerías saintes nas que se combinan a pedra, madeira e azulexos. A fachada da Alameda ten tres corpos saintes en correspondencia cos salóns das vivendas e tres vans intermedios. Na coroación do edificio e nas claves dos arcos elípticos das xanelas ou barandas do faiado, dispóñense cinco grandes mascaróns, representando a cabeza dun león labrado en grau.

O estado de conservación do inmóbel é bon, a non ser o peche do ático con plaqueta cerámica gris, a colocación de carpintería de aluminio, persianas plásticas e substitución de madeira e franxa de azulexos por morteiro de cemento.

Goza da protección de Ordenanza Municipal de Conservación aprobada en sesión de 29-IV-1977.

ENTORNO:

Está ubicado no Ensanche de García Ollóqui, e lamentablemente e en contraste pola altura e medianeiras vistas, levantouse unha edificación bastante recente, colindando pola rúa García Ollóqui, de planta baixa, sete plantas altas e un ático. Os materiais usados na fachada desta nova edificación contrastan violentamente coa que estudamos.



FACHADA LATERAL



104.-Planta e fachada.




105.-Vista xeral da casa.
106.-Detalles da mesma.

OUTRAS OBRAS DE LUIS VIDAL Y TUASON

107.-Fachada da casa de vivendas para Casiano Méndez (1915), na rúa Castelar nº 7.

108.-Casa de vivendas para Marcelino Barreras Vieite (1913), na rúa Pablo Morillo nº 4. Esta edificación foi moi mutilada por adicións posteriores.



CASA DE VIVENDAS PARA ENRIQUE MULDER

LOCALIZACIÓN:

Avda. de Montero Ríos nº 22-esquina á Rúa Pablo Morillo, nº 9. VIGO.

AUTOR:

Manuel Felipe Quintana (1842-1911)

ÉPOCA:

Proxecto: xaneiro de 1910.

DESCRIPCIÓN:

É de planta rectangular (11 m. por 25 m.) con dúas fachadas en esquina, chanfranada no baixo e circular nos pisos. Consta de planta baixa e tres plantas altas. Está cons-


truída con sillares de pedra de grau finamente labrada. Na fachada a Montero Ríos ten dous corpos saíntes de lene e redondeada superficie que enmarcan tres vans centrais, un balcón corrido na primeira planta, balcóns illados na segunda e parapeitos na terceira. Cada planta ten unha distinta composición, e por riba da cornisa érguense uns pináculos que decoran a súa coroaación.

A obra é un fiel reflexo dos planos con excepción das barandas dos balcóns corridos do primeiro piso, do dibuxo de ferro forxado e a cúpula. Chama a atención o que apareza esta casa dibuxada e sinalada con tres plantas no plano de poboación de Ramiro Pas-


cual do ano 1907. Os planos do proxecto están firmados con data de 15 de xaneiro de 1910 polo, á sazón, arquitecto municipal Manuel Felipe Quintana (68 anos de idade), e tendo en conta que a arquitectura que sempre realizou é academicista e ecléctica, poderían os citados planos constituir unha posterior legalización da obra xa construída e dirixida por outra persoa. Como xa se especifica na obra de "Almacéns Simeón" (1906-1911), coa que ten certas semellanzas, e polas referencias verbais recibidas, a obra podería estar dirixida por Manuel Gómez Román (aínda non titulado, por ser expulsado da Escola Superior de Arquitectura de Ma-




109.-Detalle da fachada.



FACHADA LATERAL



FACHADA PRINCIPAL




110.-Planta e fachadas.

drid), e inclusive o proxecto ben podería ser obra do seu irmán Benito, tamén arquitecto.

O estado de conservación é bon, non tendo sido alteradas en nada as fachadas. Goza da protección de Ordenanza Municipal de Conservación, aprobada en sesión de 29-IV-1977.

ENTORNO:

Este edificio está construído no recheo denominado Ensanche de García Olloqui (1871), que acabaría quedando constituído por seis bloques con trazado rectangular. Encontrábase perfectamente conxuntado coa altura de todas as casas da calle Montero Ríos, onde non se superaba a de baixo e catro plantas altas. Esta armonía conseguida con edificacións de principios de século, ficou bruscamente rota co veciño inmóbel levantado recentemente no nº 18, de planta baixa e nove plantas altas.



111.-Detalle de balcón con baranda de ferro forxado.





112.-Detalle da parte alta do corpo de esquina.

**VI. OUTRAS OBRAS
NON CLASIFICADAS**

ESCOLAS NIETO c/Ramón Nieto N° 247

113.-Vista xeral do edificio e detalles do mesmo. Foi realizado entre 1914 e 1917 polos filántropos galegos residentes en Chile, Sres. Nieto. Se ben a obra atribúise ao arquitecto José Franco Montes, non hai certeza delo.




ESCOLA DA SOCIEDADE DE AGRICULTORES DE LAVADORES



114.-Construída em 1911, segundo figura na fachada, descoñécese o seu autor.


CASA DE VIVENDAS, c/Garcia Olloqui Nº 5



115.-Detalles do portal e corpo sainte central. 116.- Vista xeral da fachada. Esta edificación aparece reflexada no plano de Ramiro Pascual, co que a súa construción é anterior a 1910.




CASA PARA VIVENDAS, c/Joaquin Yañez N° 5






117.-Fotografias da fachada. 118.-Detalhes da mesma. Esta obra é atribuída ao dibuxante Cecilio López da Veiga, mais sen certeza algunha.



119.-Casa nº 8 da rúa de Chile. 120.-Casa nº 46 da rúa López de Neira.



121.-Casa nº 186 da rúa José Antonio. 122.-Dibuxo para escaparate do establecemento denominado "La Parisiana", na rúa Velázquez Moreno (decembro 1911).

ALMACENS



123.-Vista xeral do pabellón situado na rúa Pablo Morillo nº 8, esquina a Luis Taboada. 124.-Vista do pabellón da rúa López de Neira nº 3.

ARQUITECTURA FUNERARIA



125.-Panteón da familia Jenaro de la Fuente (cimiterio de Pereiró). 126.-Grupo escultórico de Asorey (cimiterio de Pereiró).

DETALLES ORNAMENTAIS



127.-Galería do establecemento artístico-gráfico P.P.K.O. na Porta do Sol nº 10 (1903).
128.-Porta da farmacia situada na rúa Policarpo Sanz nº 40. 129.-Porta da casa nº 23 da rúa Queipo de Llano. 130.-Porta da casa nº 76 da rúa José Antonio.

**VII. FUENTES DOCUMENTAIS
E BIBLIOGRAFICAS**

- Archivo Municipal de Vigo: Sec. de Obras, Sec. de Estadística y Actas Municipales 1900-1918.
- Archivo General de Simancas: Sec. Mapas y Planos.
- Archivo Central del Ministerio de Educación y Ciencia (Alcalá de Henares): Sec. Títulos de Arquitectos.
- Biblioteca Nacional: Sec. Bellas Artes y Mapas y Planos.
- Servicio Histórico-Militar y Geográfico del Ejército. Cartografía Militar y Planos.
- ALONSO ALVAREZ, L.: "Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen". Akal Editor 1976.
- ALVAREZ BLAZQUEZ, J.M.: "La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo". Vigo 1960.
- ALVAREZ LIMESSES, G.: "Provincia de Pontevedra", T. VI de la "Geografía General del Reino de Galicia". Barcelona 1926.
- BERNARDEZ LOSADA, A.: "Lo que el tranvía representó en el progreso de la ciudad". Anuario de Vigo, 1970.
- CATALOGO DE VIGO (Vigo a través de un siglo).- Editor y Director: José Cao Moure. 1922-23.
- FARO DE VIGO: Años 1900 a 1915.
- FARO DE VIGO: Número especial conmemorativo del centenario (1853-1953). Varios autores.
- FLOREZ: "España Sagrada", T. XXIII, Madrid 1879.
- ESPINOSA FEIJOO, C.: "Vigo, apuntes históricos", Vigo 1972.
- ESPINOSA RODRIGUEZ, J.: "Tierra de Fragoso (Notas para una historia de Vigo y su comarca) Vigo, 1949.
- GONZALEZ PEREZ, C.: "La nueva población de Vigo".- El Museo de Pontevedra T. XXXII - 1978.
- LUCAS LABRADA, J.: "Descripción del reino de Galicia" (reimpresión). Vigo 1971.
- MADOZ: "Diccionario geográfico - estadístico - histórico de España... T. XVI.- Madrid 1850.
- MEIJIDE PARDO, A.: "Contribución de los catalanes al desarrollo de la industria pesquera de Vigo. 1780-1815". Madrid, 1969.
- MEMORIAS DE LA JUNTA DE OBRAS DEL PUERTO DE VIGO.
- MURGUÍA, M.: "Historia de Galicia". Buenos Aires, 1933.
- PEREIRO ALONSO, J.L.: "El desarrollo urbano de Vigo "tesis doctoral" (en publicación).
- SANCHEZ CANTON: "Barrio antiguo de la ciudad de Vigo". Boletín de la Real Academia de la Historia. Madrid 1945, pág. 25-27.
- SANTIAGO Y GOMEZ, V.: "Historia de Vigo y su comarca". Madrid 1896.
- SINTESIS ESTADÍSTICA DE GALICIA (Presidencia del Gobierno) Madrid 1976.
- TABOADA LEAL, N.: "Descripción topográfica-histórica de la Ciudad de Vigo..." Vigo 1977 (reimpresión).
- "VIDA GALLEGA": años 1909-1920.
- VIGO EN LAS GRANDES PUBLICACIONES DEL PASADO SIGLO. Boletín de Información del Excmo. Ayuntamiento de Vigo, 2ª sem. 1972.
- VIGO EN 1929 (Los valores y la actualidad Víguesa) Editor y Director: José Cao Moure - ed. P.P.K.O. Vigo, 1927-28.

OBRADOIRO

COMISIÓN DE CULTURA DEL C.O.A.G.